

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e seis de setembro de dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Non asiste o deputado don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á EXTRAORDINARIA E Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE XULLO DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á extraordinaria e á ordinaria do día 29 de xullo de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL BenOurense DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS DA PROVINCIA EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2014.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o BNG votou en contra das bases por entender que esta tiña que ser unha competencia exclusiva da Xunta. En congruencia cos argumentos expresados no pleno de xaneiro reiteran o voto en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que eles votaran a favor e ademais entenden que isto é unha modificación para intentar adecuar as bases que se fixeran no seu momento. Coinciden co portavoz do BNG en que isto foi un “marrón” cando llo traspasaron á Deputación, pero unha vez que está feito o Grupo Socialista quere que se faga cos criterios máis xustos. Esta modificación significa, ao parecer, que o diñeiro que resulte de todos aqueles concellos que non se queiran adherir a este tipo de axudas seralles repartido equitativamente ao resto dos concellos. Parécelle que esta modificación serve para que os cartos non se perdan, pero aínda así vanse abster á espera de ver cómo se reparte o diñeiro.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que como ben consta na proposta da Presidencia, con data 31 de xaneiro de 2014, o Pleno da Deputación aprobou o Programa Provincial BenOurense de referencia para o ano 2014. Este programa provincial contempla dous tipos de accións económicas de colaboración cos concellos, consistentes, dunha banda, en subvencións para a contratación de profesionais titulados dos servizos sociais comunitarios que integren a unidade técnica mínima establecida para cada entidade local no Decreto 99/2012, ou acción 1, estando esta acción dirixida a entidades locais de áreas rurais de 5.000 a 20.000 habitantes. E doutra banda, en subvencións dirixidas ao cofinanciamento do servizo de axuda no fogar básico, ou acción 2, estando esta acción dirixida a municipios e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes. Con isto preténdense modificar as bases do programa de xeito que se permita a reutilización dos remanentes producidos na acción 1, no sentido de asignar eses remanentes á acción 2 (SAF básico) e proceder ao seu repartimento entre a totalidade de concellos beneficiarios conforme coas regras xerais xa contidas no programa. Isto veu a raíz dun caso que se produciu no Carballiño (cónstalle que xa hai máis na provincia), onde a contratación do persoal técnico se fixo a posteriori da data do outorgamento da subvención e polo tanto hai un remanente. Ese remanente pasa da acción 1 á acción 2 e repártese entre todos os concellos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Modificar as bases reguladoras do Programa Provincial BenOurense de Asistencia Técnica, Económica e Xurídicas aos concellos da provincia en materia de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2014, engadindo, nas bases xerais, unha nova base, denominada G, co contido seguinte:

G) O crédito orzamentario correspondente á acción 1, na contía remanente que resulte da falla de xustificación de gastos desa acción, quedará automaticamente asignado á acción 2, incrementando a contía subvencionada por unidade de convivencia no importe que resulte.

2º) Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles e mediante anuncio no BOP, esta modificación, advertindo que, en caso de non formularse alegación no dito prazo, quedará automaticamente aprobada de xeito definitivo. En caso de formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno.

3º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN NO CONSELLO REITOR DO PADROADO PROVINCIAL DE TURISMO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Designar como representantes da Deputación no Consello Reitor do Padroado Provincial de Turismo, aos seguintes deputados:
 - a) Polo Grupo Provincial Socialista: D.^a Mónica Vázquez Blanco.
 - b) Polo Grupo Provincial do BNG: D. Xaime Óscar Iglesias Pérez

4º.- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR O REXISTRO DA DEPUTACIÓN NO DOMINIO .GAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, antes de comezar coa exposición da moción quere agradecer a posición favorable do Partido Popular á moción, expresada na pasada comisión informativa. A continuación dá lectura á moción, co seguinte contido: *No marco da actual sociedade da información o que non está na internet non existe. A comunidade galega no mundo, a nosa lingua e a nosa cultura xa gozan dunha marca propia con que identificar todos os contidos que xeramos na Rede e, así, facérmonos máis visíbeis dentro deste espazo de comunicación global. O .gal é o dominio que nos corresponde como comunidade con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos e sociais. Unha especie de sufixo con que identificamos na internet as páxinas escritas en galego e que se dirixen á sociedade galega nas súas comunicacións en liña e que, tendo en conta a dispersión do pobo galego no mundo, non se circunscribe a un ámbito territorial concreto. Tecnicamente viábel e económica, social, lingüística e culturalmente rendíbel, o .gal encádrase nos dominios patrocinados de primeiro nivel. O dominio é xestionado pola Asociación PuntoGal e os ingresos económicos que se producen pola súa actividade serven para o mantemento do propio dominio e, no caso de se produciren beneficios, estes son investidos no fomento da lingua e cultura galega dentro do ámbito das novas tecnoloxías. O dominio .gal fai que se poidan localizar os contidos destinados ao público galego ou referentes á sociedade galega de xeito máis rápido, poderanse organizar os contidos en galego na rede de xeito máis eficiente e as institucións poden presentarse perante o público galego dun xeito máis próximo. O dominio galego axudará a consolidar unha comunidade galega na internet, o .gal permitirá facer visíbeis os produtos, a cultura e a comunidade galega no mundo e contribuirá ao uso e fomento das novas tecnoloxías por e para a sociedade galega. De cara a un funcionamento regular do sistema de rexistro de nomes de dominios co sufixo .gal foi preciso establecer unhas fases que garantiran un correcto funcionamento e estabilidade do sistema e que tanto as entidades públicas como privadas puidesen protexer debidamente as súas marcas tanto comerciais como de utilidade pública, polo que se estableceron uns períodos de rexistro moi diferenciados que comprenderon unha fase previa que foi denominada Programa Pioneiros. Este programa permitiu poñer na Rede un grupo reducido e significativo de dominios e deu paso á segunda fase en que se porán en marcha os Programas Abrente ou Sunrise xunto ao Programa Carreira ou Landrush, previos á terceira fase de apertura xeral en que todo o mundo poderá rexistrar o seu dominio .gal. Segundo os prazos que se deseñaron para rexistrar os dominios .gal, o*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Programa Pioneiros púxose en marcha para un grupo reducido de páxinas web baixo unhas condicións especiais. Durante o pasado mes de xuño recibíronse solicitudes na Asociación PuntoGal e, tras seren peneiradas e aceptadas, só noventa e tres delas entraron en funcionamento o pasado 25 de xullo. A seguir, na fase de lanzamento, ábrese o período coñecido como Abrente ou Sunrise que permitirá que aquelas entidades tanto públicas como privadas poidan exercer o seu dereito preferente de solicitaren un dominio. Esta fase desenvolverase entre os meses de setembro e novembro. Simultaneamente ao Abrente desenvolverase o proceso de Carreira ou Landrush, en que aquelas persoas interesadas en dominios sen prioridade de especial interese poderán ter a súa oportunidade de solicitalo. Finalmente daráselle paso á fase aberta, en que se abrirá o rexistro libre de dominios para o público xeral e que comezará a funcionar arredor de decembro. Asemade hai que facer fincapé no feito de que máis alá dun beneficio económico (porque o dominio e as web .gal tributarán en Galiza), este paso suporá unha maior proxección no eido dixital e servirá para que o noso país se vexa no mundo. Por iso pedimos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1.- Instar ao grupo de goberno desta Corporación para que rexistre e active o seu enderezo .gal nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio galego. 2.- Instar ao executivo provincial para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións da provincia co obxecto de que comecen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país. 3.- Instar ao goberno provincial a fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociacións para facer fronte á tarifa da Asociación PuntoGal.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que ante un rogo feito polo seu compañeiro de grupo no mes de maio, don Miguel Bautista Carballo, nese mesmo sentido o presidente limitouse entón a dicir que tomaba nota e que xa se estaba traballando na posta en marcha do dominio .gal. Os meses pasan e seguimos no mesmo punto. A paixón do presidente, Sr. Baltar Blanco, polas novas tecnoloxías e as súas vantaxes, debe aplicala só cando lle interesa ou cando se pode erixir en protagonista (este non era o caso). Ese relativismo non beneficia á provincia, porque a día de hoxe a páxina non está dispoñible. O Grupo Socialista cre que a Deputación de Ourense, como mínimo, debe estar ao nivel da Real Academia Galega, da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Deputación de Lugo, da FEGAMP, coa compañía de Radio Televisión de Galicia, dos diferentes organismos e institucións e conforman a Xunta de Galicia, etcétera. O dominio .gal posúeno concellos pequenos como Ordes, Ponteceso, Castrelo, entre outros. Téñeno tamén os medios de comunicación, case todos os partidos políticos, as editoriais, empresas, asociacións de veciños, colexios profesionais, universidades e clubs deportivos. De non ser os primeiros (como lle gusta alardear ao Sr. presidente) polo menos non ser os últimos. Pide que se solicite agora este dominio, entre setembro e novembro, e non agardar a finais de ano.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, como xa ben dixo o Sr. Iglesias Pérez, anuncia que van votar a favor dos acordos propostos na moción, se ben quere facer as seguintes puntualizacións: A solicitude de rexistro de dominio .gal en fase de interese público presentouse ao día seguinte de dar comezo a fase de lanzamento. Están totalmente de acordo co punto dous en canto á elaboración dun plan de promoción e desenvolvemento deste dominio. Parécelles máis complexo xestionar unha liña extraordinaria de axudas destinadas a entidades e asociacións para facerlle fronte á tarifa da Asociación PuntoGal. Non sería problema para os concellos, ademais anuncia que a Presidencia está a promover unha liña de axudas en torno ao 50% do custo da tarifa. Pensa que igual é máis custoso facer o trámite que a axuda que se dá. Dille á Sra. Morenza Doforno que o día 17 deste mes o Sr. presidente presentou a solicitude á que se referiu, e o seu custo foi de 61,65 euros. En canto ás asociacións di que na provincia non hai un rexistro único delas, pero poderíase de falar de entre 3.000 ou 4.000 asociacións, co que iso suporía de custo na tramitación dunha pequena axuda. Sen renunciar a estudar calquera proposta ao respecto, entende que o labor da Deputación debe ir máis polo camiño da promoción deste dominio e do asesoramento necesario deste dominio e de todas as cuestións que se refiran a el, como o de mudar as páxinas web cara ao dominio .gal. En todo caso, é de xustiza lembrar que quen primeiro advertiu de que se debía ir por este camiño foi o deputado Sr. Bautista Carballo no Pleno do mes de maio, dirixíndose mediante un rogo ao Sr. presidente, no cal o se lle contestou que xa se estaba traballando nese asunto. Séguese traballando no asunto, malia que a Sra. Morenza non o recoñeza. Para rematar di que a Deus o que é de Deus e ao César o que é do Cesar. Reitera o voto favorable porque entenden que isto é bo para a Deputación e polo tanto para a provincia.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que con independencia de quen iniciase o proceso se as cousas son boas e rematan ben mellor. Manifesta que nos tempos que corren a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

promoción ten que ir acompañada do apoio económico, por iso vai o punto número tres. Sendo conscientes de que esta institución vai apoiar e promover a difusión do dominio na provincia, loxicamente deberíase habilitar unha liña de axudas e non só apoiar verbalmente, porque iso é moi doado de facer.

D.^a Victoria Morenza Doorno, do Grupo Socialista, di que se está recoñecendo que o Partido Socialista fixo unha oposición construtiva ao facer esta proposta e espera que non sexamos o último da fila. O Sr. Álvarez Dobaño dixo que ao día seguinte do lanzamento xa se iniciaron os trámites para a posta en marcha do dominio .gal, e queren saber en qué data se empezaron a facer os trámites, e tamén queren saber por qué non aparece na listaxe de organismos, institucións, asociacións ... que o solicitaron.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a fase de lanzamento do dominio .gal deu comezo o 16 de setembro de 2014 ás 13.00 horas, e mostra unha copia da solicitude do Sr. presidente que pon ao dispor da Sra. Morenza Doorno.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos vinte e catro membros corporativos presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao grupo de goberno desta Corporación para que rexistre e active o seu enderezo .gal nos prazos establecidos pola asociación que xestiona o dominio galego.
- 2.- Instar ao executivo provincial para que estableza un plan local de promoción entre as diferentes entidades e asociacións da provincia co obxecto de que comencen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio que nos identifica como país.
- 3.- Instar ao goberno provincial co fin de que xestione unha liña extraordinaria de axudas destinadas ás entidades e asociacións para facerlle fronte á tarifa da Asociación PuntoGal.

5º.- MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BSES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS N.º 5/2014.-

A Sra. interventora expón o contido do expediente de modificación de créditos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que para o BNG esta é unha máis das *chapuciñas* que fai o grupo de goberno, porque as bases son tan inconcretas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

non premian as actividades en función da súa proxección ou da súa magnitude e non sabe con qué criterios e por iso hai que corrixilo coas subvencións nominativas e de paso ir coando outras cousas. O BNG non vai ser o que poña en discusión a calidade e a proxección dalgúns eventos que aquí se subvencionan, outra cousa ben distinta é a fórmula empregada para tal fin. A Deputación segue a abusar das subvencións nominativas, cuestión coa que están en absoluto desacordo, polo que o seu voto vai ser en contra, insistindo que é máis polo procedemento que polo merecemento dalgúns dos beneficiarios, que non todos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que non vai falar da calidade dos eventos deste expediente, porque algún deles ten que ver co concello onde el é concelleiro, como a Mostra Internacional de Teatro ou a Festa da Istoría (que non depende do concello, senón dunha fundación). Di que poderían ter uns principios marxistas pero non os do comunismo, senón os de Groucho Marx. O Grupo Socialista non é así e teñen os seus principios. Coincide co que dixo o portavoz do BNG, sen discutir que hai subvencións nominativas que si realzan a calidade dos eventos que se fan. Falando de actividades culturais, deportivas ou doutra índole, hai unhas cantas na provincia que son significativas e representan o que se quere potenciar da provincia. Hai certas subvencións, ou certos convenios, que se terían que plasmar nos propios orzamentos anuais da Deputación, que garantiran dalgún xeito que todos aqueles que poñen en valor esas iniciativas non tiveran que vir aquí sen saber, uns días antes, se van ter un orzamento ou outro. No fala só do lugar onde el é concelleiro (aínda que son uns dos máximos impulsores da cultura), porque hai máis concellos que teñen actividades culturais que son unha referencia (Entroido en Xinzo, Verín ..., Festa do Polbo no Carballiño, etcétera). Anuncia que votarán en contra, non porque dubiden do realce dalgunhas cousas que se fan, pero estanse mesturando eventos e ese non é o método correcto e non lles gusta esa forma de utilizar as subvencións nominativas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que como ben si di na proposta da Presidencia, trátase dun expediente de modificación de créditos que precisa da autorización plenaria, para autorizar suplementos de créditos que superan os 36.000 euros, que se financiarán con cargo ao remanente de tesourería do ano 2013. Estase falando de subvencións nominativas, pero cumprindo estritamente coa normativa e coa Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e non superando a porcentaxe fixada. Ás veces somos ultradefensores dos procedementos de libre concorrência, pero logo, por razóns obvias, hai que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

acudir ao procedemento extraordinario, pero necesario, das subvencións nominativas. Lamenta que os dous grupos da oposición voten en contra cando deses 36.000 euros, 30.000 son para tres eventos (máis de 7.000 para a Fundación Festa da Istoría de Ribadavia; máis de 20.000 para a MIT de Ribadavia e case 3.000 para a Asociación FETEGA para o festival do teatro galego do Carballiño).

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que non manipule, que xa aclararon e dixeron que apoiaban os eventos pero que non apoian o sistema. Que non quede no aire a notiña do Sr. Álvarez Dobaño, porque é moi fino para estas cousas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que obviamente a legalidade hai que cumprila, pero iso non significa que estea ben feito. Reitera que hai determinadas subvencións ou determinados eventos que levan 30 anos realizándose. Por exemplo, a MIT de Ribadavia non é do concello, é algo que pon en valor o teatro galego e atinxe a toda a provincia. A Xunta de Galicia, despois de moitos anos, fixo un convenio para que nunca teñan que volver chorarlle ao presidente ou ao conselleiro de quenda para que subvencione a MIT (ás veces despois de ter feita a programación e sen saber cal era o orzamento). Está moi ben que nomee os grandes eventos, pero xa levamos cinco ou seis modificacións e a última, se non lembra mal, era de 1.500.000 euros e o reparto era diferente. Di tamén que non lle chegan os 20.000 euros para a MIT, tería que haber un convenio con 50.000 euros.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
334.13/489.05	Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas	36.358,69

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	36.358,69 €
--	--------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense non estaba prevista a concreción do capítulo IV de gastos a conceder no exercicio 2014, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.13/489.05**.Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Fundación Festa da Istoría	Festa da Historia	7.244,00
Concello de Ribadavia	MIT Ribadavia	20.128,09
Asociación cultural Rebulir	Festival “Rebulir”	1.000,00
Coral de Ruada	Gastos de funcionamento	2.000,00
Asociación Os do Fuelle de Maceda	Material escola de música	3.000,00
Asociación FETEGA	FETEGA (Festival do teatro galego do Carballiño)	2.986,60

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

6º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL “OU-0701 CABALAR-VILARIÑO DE CONSO, TREITO O MOURO-MANZANEDA”, NO MUNICIPIO DA POBRA DE TRIVES.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que é unha mágoa pero que sempre estamos coa eterna canción. Primeiro entrase pola brava. Se non hai problemas tírase para diante, se os hai, presionamos aos veciños, que o único que fan é defender os seus intereses, pónense en contra aos veciños e dise que non se fai porque aquel non quere. Ao final hai que ir coa lei por diante e facer as cousas como se deben facer, algo que se tería que ter feito desde o principio. Anuncia que votarán a favor, porque esta é unha infraestrutura necesaria, pero hai que romper con esta dinámica, que se repite en moitos concellos gobernados por alcaldes do Partido Popular. Se está xustificada a utilidade pública e o interese social pide que se fagan as cousas a través dos procedementos adecuados, non presionando aos veciños/as que é a tónica xera. Xa bastante problemas existen no rural para vir agora con outros derivados das actitudes das institucións.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do BNG (2) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial “OU-0701 Cabalar-Vilariño de Conso, treito O Mouro-Manzaneda, no municipio da Pobra de Trives, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º PARCELA/POL. CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² EXPROP
---------------------------	---------------------------------	-----------------	---------------------------	--------------------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

1	460/27	RUSTICA	M ^a . JOSEFA GONZALEZ ALONSO	38,17
2	459/27	RUSTICA	M ^a . ANGELES E DOMINGO CASTRO NUÑEZ	113,94
3	461/27	RUSTICA	ALFREDO NUÑEZ FERNANDEZ	251,25
4	469/27	RUSTICA	CLOTILDE NUÑEZ GARCIA	2,53
5	270/24	RUSTICA	SANTIAGO ALVAREZ NUÑEZ	185,43
6	268/24	RUSTICA	CLOTILDE NUÑEZ GARCIA	202,16
7	2169/24	RUSTICA	JOSE NUÑEZ FERNANDEZ	64,92
8	269/24	RUSTICA	JOSE FERNANDEZ PEREZ	6,47
9	479/27	RÚSTICA	AURORA RODRIGUEZ FERNANDEZ	45,75
10	480/27	RÚSTICA	HROS. JOSE PEREZ ARIAS	51,04
11	481/27	RÚSTICA	JOSEFA NUÑEZ PEREZ	148,21
12	483/27	RÚSTICA	ISAURO ALONSO GARCIA	263,50
13	485/27	RÚSTICA	CLOTILDE NUÑEZ GARCIA	65,99
14	486/27	RÚSTICA	MANUEL GARCIA GOMEZ	46,94
15	487/27	RÚSTICA	ISAURO GARCIA DIAZ	76,60
16	206/27	RÚSTICA	MARTIN CARBALLO ALVAREZ	19,56

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

17	205/27	RUSTICA	BONIFACIO BLANCO FERNANDEZ	15,05
18	204/27	RÚSTICA	JULIA ALVAREZ ESTEVEZ	14,72
19	203/27	RÚSTICA	HROS. CESAREO ALONSO PEREZ	15,72
20	867/27	RÚSTICA	MARTIN CARBALLO RODRIGUEZ	27,68
21	866/27	RÚSTICA	FRANCISCO GONZALEZ GONZALEZ	4,97
22	164/27	RÚSTICA	CAMILO FERNANDEZ ALVAREZ	31,39
23	161/27	RÚSTICA	JOSE GONZALEZ GONZALEZ	61,14
24	154/27	RÚSTICA	JOSE MANUEL MARTINEZ FERNANDEZ E OUTROS	1,40
25	163/27	RÚSTICA	HROS. BENITA PRIETO BASALO	50,87
26	162/27	RUSTICA	ELVIRA ALVAREZ BLANCO / ALVAREZ BLANCO BERTILA (HEREDEROS DE)	60,70
27	160/27	RUSTICA	TERESA GONZALEZ GONZALEZ	45,50
28	153/27	RUSTICA	JOSE GONZALEZ GONZALEZ	53,19
29	150/27	RUSTICA	CARLOS ESTEVEZ DIEGUEZ	38,66
30	149/27	RUSTICA	Mª. LUISA GONZALEZ GONZALEZ	35,40

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

4º.- Notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente

7º.- CONVENIO DE COOPERACIÓN CON AGADER PARA O PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2014-2015.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que para non repetir os argumentos do pleno do mes de xullo, polas mesmas razóns van votar en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votarán a favor, porque xa no seu momento dixeron que son camiños e infraestruturas para o rural e lles veñen moi ben aos municipios. Tamén hai que recoñecer que isto é marrón tras marrón para esta casa. Son fondos que veñen das institucións europeas e que os recolle a Xunta de Galicia e despois ten que poñer os cartos outro. O presidente da Xunta é un experto en zafarse de todo. Estes días puidemos escoitar como vai solucionar o tema dos cans, poñendo multas de 250 euros; vai solucionar o tema da rapaza que faleceu por culpa dunha instalación eléctrica, así como todos os problemas do país, pero ao final teno que solucionar a Deputación. A el lle basta con dicir as cousas, despois que as solucionen outros. Os convenios haberá que ir asinalos á Xunta e todos contentos dándose a man, pero quen pon o diñeiro son os concellos ou o concello dos concellos. Todo isto non quita que voten a favor, porque menos dá unha pedra, aínda que xa está ben das pedradas que dan. Coincide co deputado D. Eladio Mangana que o outro día lle dicía que non desprezase á provincia. Para finalizar di que a Xunta lles vendeu o “choio” de que van incrementar a participación e os cartos e despois non pon nada. Di isto porque parece que a Xunta de Galicia nos dá moitas cousas e iso é mentira.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o tema que nos ocupa hoxe, en relación co convenio que se aprobou no Pleno do 29 de xullo, é simplemente desprazar unha pequena parte da cantidade para achegar na anualidade 2014 cara ao 2015, para optimizar mellor o sistema de anticipos aos concellos, que está limitado a un 50% do importe concedido, de xeito que non se perda ningún investimento ao quedar o período de execución deste ano máis reducido, quedando do seguinte xeito: no ano 2014 tiñamos que achegar 292.000 euros e agora o que imos achegar son 229.753 euros.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a subscripción dun convenio de cooperación entre esta Deputación Provincial e a Consellería do Medio Rural e do Mar, para financiar as actuacións do Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciados con FEADER no marco do PDR de Galicia 2007-2013, conforme co texto remitido por AGADER a esta Deputación o 6 de agosto de 2014, número de rexistro de entrada 19.663.

2º.- Asumir o compromiso de incluír no orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2015, o crédito adecuado e suficiente para a atención das obrigas correspondentes ás ditas anualidades, previstas na cláusula segunda do convenio.

3º.- A subvención nominativa concedida a AGADER a través do dito convenio deberá xustificarse conforme co previsto na normativa de subvencións vixente e, en particular, conforme coas previsións da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

8º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2014, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BALTAR.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2014 relativa ás obras municipais do concello de Baltar, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Construción de nave municipal fase 1” que pasa ó plan complementario- a obra denominada “Arranxo, pavimento e reparación de espazos públicos” cun orzamento de execución de 50.000,00 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

9º.- CREACIÓN DO SERVIZO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN.-

O Sr. presidente anuncia, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces, que os puntos 9º e 10º, se debaterán conxuntamente e que a votación será por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que vai facer como se fose o portavoz do PP e fará algo de cronoloxía. O 07-11-2008 adxudícase provisionalmente a contratación do servizo consistente na elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do proxecto construtivo para a instalación dunha planta de tratamento de residuos da construción e demolición na Comarca da Limia” no marco do proxecto Arraiano, financiado mediante axudas FEDER por 59.000 €. O 10-10-2009 publícase no BOP o anuncio de licitación do procedemento negociado con publicidade para a contratación da execución desta obra. Orzamento: 880.000 €. O 30-12-2009 publícase no BOP o anuncio do acordo de adxudicación definitiva. UTE Construcciones Benigno Álvarez, SL – MRG, Áridos y Viales, SL (651.112 € - baixa 26,01%). O 10-04-2010 o BNG de Xinzo ten coñecemento de que esta planta se está a construír nun monte nas inmediacións do pobo de Morgade co rexeitamento activo da veciñanza, nunha localización totalmente inadecuada e cun impacto ambiental enorme. Dous días despois, o 12-04-2010, o BNG presenta un escrito solicitando acceso ao expediente municipal da obra, obtendo resultado negativo xa que no concello non se tramitou ningunha licenza nin existía coñecemento sobre a actuación que ía ser executada. Como xustificación explicóuselles que a obra era supramunicipal e que non precisaba licenza. A declaración de supramunicipalidade, regulada polo Decreto 80/2000, da Xunta de Galiza, esixe uns trámites moi precisos que neste caso non se deron. O 29-04-2010, no Pleno ordinario do concello de Xinzo celebrado nesa data, o BNG presentou unha moción de urxencia solicitando a paralización cautelar e a convocatoria da Comisión Informativa de Medio Ambiente para analizar a situación legal e toda a tramitación administrativa. Logo do preceptivo debate era rexeitada polo Sr. alcalde a paralización e aceptada a convocatoria da comisión para dar conta dos pormenores do proxecto. O 29-05-2010 pasado un mes, desde a aprobación plenaria, o alcalde non convocou a Comisión. Diante da existencia de novos indicios de presunta ilegalidade das actuacións, o BNG rexistra un novo escrito no Concello solicitando a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

convocatoria urxente da comisión para que os técnicos municipais e os responsábeis políticos do Grupo de Goberno respondan a unha relación específica de cuestións referentes a este proxecto. O 02-06-2010 confírmanse en todos os seus extremos as sospeitas que o BNG viña denunciando e finalmente a propia Deputación reconece que a obra é totalmente ilegal. O 04-06-2010 o BNG solicita a paralización inmediata das obras, a reposición dos terreos ao seu estado anterior, e que os responsábeis da desfeita por acción: Sr. Baltar, e por omisión: Sr. Vila, alcalde de Xinzo e Sr. Pérez, concelleiro de Medio Ambiente, asuman as responsabilidades políticas oportunas que deberían comezar pola dimisión ou cese inmediato do citado concelleiro porque neste tempo desoíu as advertencias continuas feitas polo BNG e sendo deputado provincial non amosou o menor interese pola situación nin se preocupou de defender aos veciños afectados converténdose nunha mera correa de transmisión das ordes que lle viñan desde arriba. O 08/06/2010 o BNG, a través da súa deputada no Parlamento (D.^a Tereixa Paz) rexistra unha iniciativa no Parlamento de Galiza pedíndolle ao goberno toda a información sobre a planta. O 14-06-2010 o BNG reitéralle unha pregunta no Pleno ao alcalde sobre a cuestión e resposta que lle vai pedir a información á Deputación. O 27-07-2010 o BNG informa aos veciños de Morgade da situación da planta . O 01-07-2010 o Consello da Xunta de Galiza aproba a declaración de supramunicipalidade. O 23-07-2010 rexístranse no concello as 200 sinaturas recollidas polos veciños en contra da planta e solicitando a paralización. O 04-01-2011 publícase o anuncio no DOG polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada para a planta de refugallos. O 20-09-2012 o Consello da Xunta aproba definitivamente o Proxecto sectorial da planta de refugallos. Anuncio publicado no DOG 234 do 10/12/2014. O 12-03-2013 a Deputación adxudica a obra de conexión da planta á rede eléctrica á empresa Construcciones Benigno Álvarez, SL en 40.033,64 €. O 03-07-2014 a Deputación adxudícalle os traballos de mellora e reparación de impermeabilización da planta de RCDs á mesma empresa Construcciones Benigno Álvarez, SL 166.678,43 €. Hoxe, logo de investir preto de 860 mil euros a planta está pechada e con nulas posibilidades de entrar en funcionamento xa que non hai demanda polo parón do sector (alucinante que tiveran que gastar 167 mil euros en reparar e impermeabilizar a planta, porque desde que a remataron quedou abandonada). En canto á situación da zona di que o forte impacto ambiental orixinado pola extracción irregular de sábreo que sofre o entorno desde a década dos noventa é incompatible coa propia catalogación como solo rústico de protección paisaxística do PXOM. O espazo nin

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

foi recualificado nin contou nunca cun plan de restauración ambiental tralo abandono ou cese da actividade extractora de sábreo ficando á marxe da lexislación medio ambiental vixente. O entorno foise progresivamente deturpando ata transformarse nun vertedoiro incontrolado de lixo de todo tipo, xerándose unha paraxe totalmente degradada e contaminada, coa grave afectación do acuífero natural que alí emana. No verán de 2007 comezou o soterrado do entorno degradado mediante a creación e arrastre dun gran noiro de residuos de obra, sen restauración ambiental previa, e para agochar a zona contaminada. En canto á planta de tratamento de refugallos di que non se lle solicitou licenza ao Concello e non se realizou ningún dos trámites que prevé o Decreto 80/2000, da Xunta de Galiza, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. O decreto é moi claro e taxativo na tramitación requirida e o feito de pasalo por alto deixa aos veciños na máis absoluta indefensión ao non poder alegar nada en tempo e forma. Non hai ningún dos informes preceptivos que esixe o Decreto 80/2000: Informe da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (antes CPTOPV) segundo esixe o artigo 13.3; xustificación do interese público ou utilidade social da instalación, así como a idoneidade da localización elixida e a viabilidade económico-financeira segundo esixe o artigo 10.b; estudo da incidencia territorial da instalación prevista, especialmente sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos e servizos, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais e medios de corrección ou de minimización de impactos, segundo esixe o artigo 10.c.; avaliación de impacto ambiental da instalación que se prevé executar segundo esixe o artigo 10.j; Rexeitan a afirmación de que o lugar foi escollido con criterios unicamente técnicos xa que só hai que ver a localización para darse conta de que non foi escollida por ningún técnico: lonxe das principais vías de comunicación; só accesíbel por unha estrada provincial de pésimo firme e sinuoso trazado que atravesa varios núcleos urbanos; no alto dun monte que obriga a facer un grande movemento de terras para deixar o solar acondicionado; provócase un impacto ambiental que deixa en papel mollado o anuncio de rexeneración da zona ao acabar a vida útil xa que estamos falando dunha concesión a quince anos; non é posible un proxecto baseado na sostibilidade e a restauración ambiental cubrindo ou asentado sobre a ilegalidade e a degradación flagrante do medio ambiente; o informe favorable da Dirección Xeral de Sostibilidade que avala proxecto queda en interdito ante a descoñecida, herdada e ocultada situación de ilegalidade da zona. O proxecto presenta unha máis que discutíbel viabilidade económico-financeira. Xa hai tres plantas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

tratamento na provincia (Leiro, Xunqueira de Espadañedo e O Barco) con capacidade para cubrir a xestión das 100 mil toneladas anuais de entullos que se xeran en Ourense. Estamos nuns tempos de forte parálise do sector que non se prevé que vaia ser superada a curto prazo e, segundo os analistas, en ningún caso chegará aos niveis de estes pasados anos. É discutíbel como se van tratar os materias que non son só entullo (vernices, amianto, e outros materias altamente perigosos) e, como sempre, deixando a xestión en máis privadas. Todo isto con respecto ao punto 9º, anunciando que votarán en contra. Con respecto ao punto 10º anuncia que se van abster e di que este centro, construído con fondos da Xunta (844.000 euros), está rematado desde hai máis dun ano e pechado desde entón, nace logo dunha loable iniciativa por parte dos empresarios do polígono que propuxeron a creación dun rexistro verde, que permitirá loitar contra a mala imaxe dos periódicos vertidos producidos no Barbaña e contra episodios lamentables como o sucedido en febreiro de 2012, cando apareceron miles de toneladas de residuos químicos enterrados nun terreo do Concello de San Cibrao da Viñas, que contaminaron máis de 98.000 toneladas de terra, e que estaban sendo camuflados de forma ilegal no subsolo desde había anos por unha empresa de pinturas localizada no polígono Barreiros. Ao final, a Deputación asumirá a xestión e mantemento do chamado Centro Verde do Polígono de San Cibrao das Viñas, e farao, casualmente, cando se constitúa e inicie a súa actividade a sociedade mixta que promove a Deputación para a xestión da recollida de lixo, sociedade que aínda non viu a luz debido ás reticencias de algúns alcaldes do seu propio partido. Aí a clave da cuestión. Todo o demais é literatura. Agardan que este centro verde cumpra os obxectivos previstos (así non se producirán os episodios lamentables) porque, o centro verde vai resolver unha pequena parte do problema medioambiental, pero non vai resolver pos si so, outro dos grandes problemas que é a agresión sistemática do Barbaña, agresión que pagan os veciños de San Cibrao en forma de multas reiteradas e os veciños de Ourense en forma de contaminación periódica, mentres non se lles dea solución a dúas cuestión básicas: que as empresas depuren os residuos e a finalización da EDAR do Pereiro. Por iso, e valorando que este é un paso adiante na xestión medioambiental, pero deixando claro que a súa oposición é a forma de xestión, coa que están en absoluto desacordo, vanse abster.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, espera que o que se propón nestes dous puntos cumpra a legalidade vixente para poder abrilos. Non dubida da cronoloxía dos feitos que fixo o portavoz do BNG, pero supón que unha vez que se atreven a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

abrilo levará todos os permisos e demais trámites que leva consigo unha planta deste tipo. Independentemente do parón da construción, é certo que no rural nunca foi moi ben enfocado o tratamento deste tipo de residuos, tamén é certo que esta provincia nunca foi unha gran xeradora deste tipo de residuos, pero si de residuos de pequenas obras que se depositan nos montes, e iso é un problema. Nalgunhas comarcas xa se construíron este tipo de plantas de tratamento, con mellor ou peor funcionamento, pero que solucionaron problemas que tiñan os concellos. Parécelles ben o servizo, independentemente de todo o que se falou, e entenden que se todo está en condicións de abrirse (coa pega de que sexa en mans privadas) van votar a favor do punto número 9º. En canto ao punto número 10º, manifesta que nas cláusulas da creación do servizo se fala de zonas prioritarias e gustaríalles que se retirase esa cláusula. Se iso é así votarán a favor, senón absteranse, porque entenden que é moi difícil determinar a prioridade. Cre que neste tema dos residuos todos terían que ter conciencia e ser xustos e xenerosos á hora de tratar este problema, porque lle ven á memoria o problema que xa se tratou moitas veces do proxecto que era para este tipo de residuos, que o Partido Popular se encargou de demonizar e por iso non o temos hoxe. Pídelle ao Grupo Popular que teña sempre o mesmo criterio, porque os argumentos serven igual para antes que para agora que para dentro de quince anos, independentemente de que haxa máis residuos ou menos en función da actividade da provincia. Gustaríalle que se fixese esa reflexión para que cando se formulen proxectos beneficiosos para a provincia non se utilicen de forma *torticeira* e politicamente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, agradécelle ao Sr. Rodríguez Puga a colaboración inesperada co portavoz do Grupo Popular e está de acordo con el en que a tramitación do expediente foi complexa e trapalleira, con moitos atrancos. O Grupo Popular entende que hoxe toca mirar para o futuro. Entendeu que o portavoz do BNG di que a planta de Xinzo non era necesaria, e está de acordo co Sr. Gómez Pérez en que nos concellos hai problemas cando os veciños realizan pequenas obras, porque non saben onde levar os residuos, e segundo o Sr. Rodríguez Puga habería que levalo a un dos tres sitios que citou. Non cre que iso sexa operativo e en lugares como Avión ou Muíños estanse facendo pequenas estacións de transferencia (por chamarlle dun xeito gráfico) e do que se trata é de aproximarlles os servizos aos cidadáns e non de afastarllos. En relación co Centro Verde di que está seguro de que o Sr. presidente lles encargará aos técnicos a posibilidade de poder ampliar o servizo, para iso se crea. Como ben se di nas propostas da Presidencia dos dous puntos que se tratan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

conxuntamente, unha vez tramitados os expedientes para a creación do servizo supramunicipal de recollida e tratamento de residuos de obras de construción e demolición da Limia, e o servizo supramunicipal de xestión de residuos industriais non perigosos e especiais (Centro Verde) e vistas as memorias técnicas para a creación dos ditos servizos, elaboradas pola Área de Medio Ambiente desta Deputación, os informes de Secretaría Xeral e de Intervención, e o informe favorable á súa creación, emitido pola Dirección Xeral de Administración Local, con data 24 de xullo de 2014, procede adoptar os acordos que se propoñen, que son a creación destes dous servizos e acordar que o modo de xestión sexa a xestión indirecta, mediante contrato de xestión de servizo público, que será similar ao de Aquaoourense, onde a Deputación terá unha participación importante e, polo tanto, estará tutelando e supervisando a prestación dos servizos. Con relación á planta da Limia, lembra que se trata dun servizo reiteradamente demandado polos concellos, dado que os seus veciños non dispoñen dun centro próximo que lles permita entregar os residuos da construción e demolición. Para iso está a Deputación e aí está. En canto ao servizo público supramunicipal de xestión de residuos industriais non perigosos e especiais (Centro Verde de San Cibrao das Viñas) responde a unha idea da asociación de empresarios e pretende darlle resposta a esa demanda, para o Polígono de San Cibrao das Viñas, o Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar e para o Polígono Barreiros. Non ve ningunha obxección a que isto se poida ampliar do xeito que proceda. Con isto preténdese promover unha xestión conxunta dos residuos de carácter industrial e reducir os custos de escala que se derivan dunha ineficaz –case sempre- xestión individualizada. Con este servizo provincial de xestión integral preténdese ofertar dúas opcións ben diferenciadas: recepción e xestión deste tipo de residuos no Centro Verde e a recollida de residuos de carácter especial industrial e residuos non perigosos no centro de produción para posterior xestión no Centro Verde. Lembra que este centro foi construción polo Concello de San Cibrao xunto coa Consellería de Medio Ambiente, atendendo á petición expresa da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao e dos que se referiu antes. A Deputación faise cargo deste servizo dado que pola súa natureza e a súa incidencia supramunicipal non pode ser asumido por ningún concello da provincia. De aí o convenio que recentemente asinou o Sr. presidente co Concello de San Cibrao das Viñas para poñer en marcha este servizo. Reitera que toca mirar para o futuro e neso se está.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que falou de discutible viabilidade económico-financeira e nomeou unha serie de causas polas que non estaba localizada nun sitio idóneo. Pregúntase por qué non está localizada, por exemplo, no polígono de Xinzo. En canto ás memorias técnicas lembra que tamén as había para as depuradoras.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, desde a súa ignorancia nestes temas, quere pensar, e así o entende, que a súa localización foi fundamentada en informes técnicos. A título persoal considera nefasta a posibilidade que acaba de nomear o Sr. Rodríguez Puga, polo ruído, o po, ou trasfego de camións.

O **Sr. presidente** di que como durante o debate o portavoz do Grupo Socialista propuxo a retirada da diferenciación entre zonas prioritarias e non prioritarias, anuncia que non hai ningún inconveniente en retiralas e introducir que abrangería a toda a provincia de Ourense, e cando se someta a votación incluírase a modificación formulada.

Seguidamente somete a votación o punto número 9º e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Crear o servizo supramunicipal de recollida e tratamento de residuos de obras de construción e demolición, consonte coas seguintes características:

A.- DESCRICIÓN E CONDICIÓN XERAIS DO SERVIZO.-

A planta de tratamento de residuos da construción e demolición (rcd's) na comarca da Limia está localizada entre os núcleos rurais de Morgade e A Pena no Concello de Xinzo de Limia, na estrada provincial OU-1102 con acceso na súa marxe esquerda, e coordenadas UTM son X=609249, Y=4659064. A planta desenvólvese nunha parcela de 21.283 m² de superficie cun vertedoiro de 64.900 m³ de volume, para unha capacidade de tratamento de 20.682 Tn/ano, cun 78,8 % de recuperación, co que se tería unha previsión de 18.108 Tn/ano de áridos recuperados. As instalacións son de propiedade da Deputación Provincial de Ourense, executada a súa construción a través do Proxecto Arraiano, financiado con fondos FEDER, a través do proxecto construtivo redactado en decembro do ano 2008.

A infraestrutura móbil e fixa existente no que se refire a instalacións e equipos na planta son os seguintes:

1. Unha caseta de control realizada en bloque de formigón á entrada da planta, con oficina na que se realizarán labores de tonelaxe, facturación e transacción, así como calquera

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

outro traballo de tipo administrativo relacionado directamente coa actividade da planta.

2. Bascula ponte electrónica, sobre solo e con plataforma de aceiro con capacidade de pesada de 60.000 kg de dimensións 16x3 metros, composta por equipo electrónico de pesaxe, instalación eléctrica indicador de pesaxe electrónico, grado de protección eléctrico IP54, software e hardware de xestión do tránsito de vehículos, capaz de asociar a cada conxunto de dous pesadas (entrada e saída) os datos de matrícula, cliente ou provedor, artigo, hora de entrada, hora de saída, peso bruto, tara, peso neto e data.
3. Cribadora móbil, para area, grava, carbón, pedras trituradas e reciclaxe, con capacidade ata 500 Tn/h, cunhas dimensións de 13,20x2,75x3,20 metros. Composta de sistema de cambio rápido de mallas, sistema de mestura de dous produtos, tremoia, alimentador, caixa de criba, cinta de recolección, cinta de finos, cinta de gravas miúdas e cinta traseira.
4. Estación de triaxe para dous postos dobres, composta por triaxe, cabina, ventilador eléctrico, completamente carrozado e cos dispositivos de acoplamento necesarios á cabina de triaxe, separador magnético e unha cinta inclinada.
5. Contenerización, composto de 3 contedores abertos de boca rectangular, para recollida selectiva de 20 m³ de capacidade e un contedor para recollida non selectiva.
6. Sistema de captación de auga mediante electrobomba somerxible.
7. Instalacións de seguridade con videovixiancia con dez cámaras, sistema antiintrusión e protección contra o lume con catro extintores de po químico ABC de 9 kg e dous extintores de neve carbónica CO₂ de 5 kg.

Á infraestrutura móbil adicional e obrigatoria para o correcto funcionamento da planta ténselle que engadir:

1. Machucadora móbil
2. Retroexcavadora con pinza
3. Pala cargadora.

A actividade para desenvolver nas instalacións é a de tratamento e xestión de residuos da construción e demolición, e permite a clasificación e reciclado de rcd's mesturados, procedentes tanto da demolición de edificios completos, sen clasificación en orixe, como de entullos xerados en obras menores.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Dentro da planta lévanse a cabo unha serie de operacións relacionadas co aproveitamento máximo dos materiais contidos nos rcd's, que se describe posteriormente:

1. Recepción do material bruto.
2. Separación de residuos orgánicos e perigosos (e a súa entrega a xestores autorizados).
3. Almacenamento de terras de escavación aptas para usos posteriores.
4. Separación de voluminosos se existen.
5. Separación de madeiras, plásticos, cartóns e férricos con posterior almacenamento e amontoamento para a súa entrega a xestores autorizados e especializados no seu reciclado.
6. Tratamento do material pétreo apto para o reciclado: cribado, limpeza, moenda e clasificación, disposición das distintas tipoloxías de áridos reciclados, e eventuais mesturas, con vistas o seu emprego en diferentes tipos de obras, infraestruturas ou procesos (prefabricados, formigóns, etcétera).
7. Eliminación controlada dos inertes tratados non aptos para o reciclado.

Posto que os ditos residuos están formados por varios tipos de materiais, nas cargas poden vir mesturados madeiras, plásticos, chatarras, xeso, ladrillos, formigón, papel, cartón, asfalto, lixo e, incluso, residuos perigosos (amianto, botes de pintura, aerosois, etcétera), sendo algúns destes susceptibles de reciclaxe e valorización, mentres que outros (residuos perigosos) non serán admitidos na planta.

Tendo en conta esta circunstancia procederase a unha dobre inspección do material:

- Sobre o camión que transporta o contedor realizarase unha primeira inspección visual.
- No propio punto de descarga, onde a disposición da carga nunha tongada fina permite a súa inspección ocular polo operario da planta.

Se a totalidade da carga do camión se corresponde cun dos materiais susceptibles de reciclaxe (por exemplo madeira), a dita carga será directamente descargada na zona de amontoamento temporal do material de que se trate.

No caso de que a carga sexa mixta, unha vez esta foi pesada e descargada na zona de descarga, levarase a cabo unha clasificación previa ou separación da fracción reciclable daqueles elementos de maior tamaño. Para elo empregárase unha máquina retro adaptada ao dito traballo que introducirá os distintos materiais nuns contedores previstos, cunha capacidade unitaria de 30 m³, situados xunto á zona de descarga, destinados á separación de elementos de gran tamaño

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

de madeira, metal e papel. O contido de cada un destes será entregado a xestores autorizados para o seu reciclado ou eliminación.

Se os elementos de gran tamaño fosen de natureza mineral (formigón, pedras, elementos cerámicos...) se transportan a unha machucadora, para a obtención de lastre artificial.

Por outra parte, tamén é posible que, xunto con eles, se atopen outro tipo de residuos non incluídos dentro dos admisibles na planta (botes de pintura, aerosois, amianto, etcétera) e que pola súa condición de perigosos se amontoarán temporalmente nun contedor con tapa para finalmente ser entregados a un xestor autorizado.

Por último, no caso de que no contedor do camiión se atopen residuos asimilables a urbanos, estes igualmente amontoaranse temporalmente e entregaránselle a un xestor autorizado para tal fin.

Unha vez que o material é preseleccionado, será sometido ao proceso de limpeza que se detalla a continuación:

- Con axuda dunha pala cargadora introdúcese o material na tremoia de alimentación da cribadora, onde se levará a cabo un cribado deste. A cribadora consiste nun baruto cilíndrico, a través do cal pasa o material para cribar mentres o baruto está xirando. Os elementos de tamaño inferior ao paso do baruto son recollidos nunha cinta, saíndo o rexeitamento polo extremo inferior do cilindro. O rexeitamento estará constituído polos elementos de maior tamaño, que pasarán á seguinte fase de limpeza (clasificación manual). Os finos saíran da cribadora por medio dunha cinta lateral para ser posteriormente trasladados á súa correspondente zona de amontoamento.
- O produto de maior tamaño será conducido por medio dunha cinta transportadora dende a cribadora ata a cabina de clasificación manual, pasando por un ciclón de aire e un proceso de separación magnética. No ciclón de aire separaranse os materiais de menor peso específico (papeis, plásticos, etcétera) e depositaranse directamente no contedor correspondente. Mediante a separación magnética segregaranse os materiais férricos.
- Na cabina de clasificación manual, o operario da planta separará os materiais non susceptibles de machuqueo deixándoos caer a catro contedores situados baixo a cabina (madeira, metais non férricos, plásticos e rexeites).
- O entullo xa limpo será conducido a través dunha cinta transportadora ata a zona de amontoamento temporal.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Así, obteranse distintos materiais de reciclaxe, diferentes fraccións de residuo utilizable e unha fracción mixta que se tratará como fluxo de rexeites. Cada unha das fraccións para recuperar almacenarase por separado. A fracción de rexeites trasladarase ao depósito da planta.

B.- XUSTIFICACIÓN DA CREACIÓN DO SERVIZO

Neste tipo de centros recíbense os rcd's da súa zona de influencia e trala súa documentación (pesaxe, quen o entrega, en concepto de qué, procedencia ...) clasifícase en distintos tipos de materia, pola súa natureza e fundamentalmente polo tipo de tratamento a seguir, tanto para a súa reutilización (se é posible) como para a súa valorización ben por rexeneración do material (para a súa reutilización), ben por reciclaxe (preparando unha materia secundaria para un novo uso).

Soamente o material inerte non susceptible de reutilización ou de valorización (rexeneración ou reciclaxe) destinarase a eliminación, que se realizará por vertedura controlada.

Este tipo de residuos sempre representou un problema, tanto polo impacto ambiental negativo, como pola gran cantidade xerada nos últimos tempos. Ao quedar fóra da xestión de outro tipo de residuos, especialmente os residuos sólidos urbanos, a solución máis sinxela e habitual foi a do simple abandono na zona rural.

O Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos da construción e demolición, ven incidir na necesidade destes centros e de reintroducir na cadea produtiva da construción estes materiais, diminuíndo o impacto ambiental, tanto pola diminución da súa vertedura (fundamentalmente incontrolada) como diminuíndo a demanda de novas materias primas (e consecuentemente a extracción destas).

Neste sentido, o explotador das instalacións na xestión da planta, segundo establece a “*Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*” no seu artigo 22: “*Con obxecto de cumprir los objetivos de esta Ley y de avanzar hacia una sociedad del reciclado con un alto nivel de eficiencia de los recursos*”,...debe garantir que...”*b) Antes de 2020, la cantidad de residuos no peligrosos de construcción y demolición destinados a la preparación para la reutilización, el reciclado y otra valorización de materiales, con exclusión de los materiales en estado natural definidos en la categoría 17 05 04 de la lista de residuos, deberá alcanzar como mínimo el 70% en peso de los producidos*”.

Na provincia de Ourense, e máis aló das iniciativas tanto públicas como privadas formuladas na Comarca de Valdeorras (pola problemática especial da industria louseira) as únicas actuacións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

rematadas e en funcionamento son a planta de rcd's de Leiro (promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) e xestionada en réxime de concesión por Graniorega, e o vertedoiro de inertes de Xunqueira que tamén a Consellería de Medio Ambiente converteu nun centro de tratamento de rcd's, dotándoo dunha liña de clasificación, triaxe e machuqueo.

O mapa provincial presenta polo tanto un déficit importante ao sur de toda a provincia (xeradora dun gran volume de rcd's) e en todo o Val do Limia.

As vantaxes da xestión sostible na planta de rcd's son:

- Eliminación de entulleiras e vertidos incontrolados.
- Preservación de espazos naturais debido a unha menor necesidade de explotación de recursos minerais.
- Restauración de espazos naturais degradados.
- A actividade non produce concentracións de elementos contaminantes.
- Reposición de recursos naturais a partir da valorización e clasificación.
- Creación de emprego.
- Implantación de nova actividade económica.
- Innovación tecnolóxica e desenvolvemento de técnicas menos agresivas para o entorno.

Os tipos de residuos admitidos co seu código LER son:

17 Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada de zonas contaminadas)

17 01 Formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos

17 02 Madeira, vidro e plástico

17 03 Mesturas bituminosas, alcatrán de hulla e outros produtos alcatranados

17 04 Metais (incluídas as súas aliaxes)

17 05 Terra (incluída a escavada de zonas contaminadas), pedras e lodos de drenaxe

17 06 Materiais de illamento e materiais de construción que conteñen amianto

17 08 Materiais de construción a partir de xeso

17 09 Outros residuos de construción e demolición

Os usos finais dos áridos reciclados serán material estabilizador de explanadas, drenaxes, trasdosados de muros, bases e sub-bases de estradas e pavimentos, árido para formigón, achegamento de material en pistas e camiños, xardíns, recheos de fosas, tanques e depósitos, etcétera.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

C.- RÉXIME XURÍDICO DO SERVIZO

O réxime xurídico do servizo será o determinado pola lexislación sectorial de residuos aplicable, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación Provincial poida establecer unha ordenanza reguladora daqueles aspectos de detalle que se consideren necesarios.

2º.- Acordar que o modo de xestión do servizo sexa a xestión indirecta, mediante contrato de xestión de servizo público previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

10º.- CREACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS.

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente coa do punto anterior.

O Sr. presidente somete a votación este punto, coa modificación introducida a pedimento do portavoz do Grupo Socialista, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Crear o servizo público supramunicipal de xestión de residuos industriais non perigosos e especiais, consonte coas seguintes características:

A.- DESCRICIÓN E CONDICIÓNS XERAIS DO SERVIZO.-

A) Descrición

A idea de por en marcha a prestación dun “Servizo provincial de xestión integral de residuos industriais especiais do Centro Verde” para as empresas situadas no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, no parque empresarial de Pereiro e no polígono industrial Barreiros, xorde polo feito de intentar promover unha xestión conxunta dos residuos de carácter industrial e reducir os custos de escala que se derivan dunha ineficaz xestión individualizada.

Este aforro derívase, por un lado, da busca de mellores prezos de mercados que poidan ofertar os xestores de residuos, polo feito de asegurarlles a través deste servizo maiores volumes de entrega de residuos. E por outro, da redución de custes para o xestor, procedentes da centralización de recollida de todos os residuos nun único punto, o Centro Verde de San Cibrao das Viñas.

Con este “Servizo provincial de xestión integral de residuos industriais especiais do Centro Verde”, preténdese ofertar dúas opcións ben diferenciadas, ás que poderán acollerse as empresas a cada unha delas por separado ou ben ás dúas de forma conxunta. Deste xeito teremos, tal e como se expoñen a continuación:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

- a) Opción 1ª: recepción e xestión dos residuos de carácter especial industrial e residuos non perigosos, no centro verde.
- b) Opción 2ª: recollida de residuos de carácter especial industrial e residuos non perigosos, no centro de produción, para posterior xestión no centro verde.

B) Condicións

- Descrición do Centro Verde: A instalación de Centro Verde sitúanse na calle 4 do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense. A parcela consta con 10.320 m², dos cales ocúpense unicamente 5.375 m². As coordenadas UTM (ED50) son X: 597.441,06 m; Y: 4.682.409,83 m.
- Ámbito de influencia: O ámbito prioritario de influencia para este servizo será a totalidade da provincia de Ourense.
- Obxectivos principais do servizo:
 - a) Admisión e rexistro dos residuos industriais non perigosos e de carácter especial, no centro verde
 - b) Clasificación dos residuos e almacenamento regulamentario segundo a súa natureza
 - c) Tramitación, arquivo e custodia da documentación necesaria para o cumprimento da lexislación vixente
 - d) Recollida propiamente dita nos centros de produción e transporte dos residuos industriais non perigosos almacenados na instalación ata o centro verde
 - e) Análise e optimización dos custos de recollida dos residuos dentro do ámbito do polígono industrial
 - f) Realización de campañas de sensibilización, promoción e información aos empresarios interesados
 - g) Conservación, limpeza e mantemento dos equipos e instalacións.
- Tipoloxía de residuos aceptados:

Co gallo de determinar os residuos susceptibles de ser entregados neste centro verde, primeiramente determínanse os principais sectores que atoparemos nestes polígonos e que serán os principais xeradores de residuos. Entre os que atopamos:

1. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos
2. Siderometalurxia
3. Aceites lubricantes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

4. Plásticos
5. Industria Química,
6. Alimentación e distribución
7. Comercio ao por maior
8. Industria do Metal
9. Industria da Madeira
10. Industria téxtil e da confección
11. Construción
12. Automoción
13. Reparación de vehículos de motor
14. Reparación de maquinaria
15. Artes gráficas e comunicación
16. Hostalería
17. Obras públicas
18. Industria de manufacturas diversas
19. Industria de materia e equipo eléctrico
20. Comercio, etcétera

Residuos admisibles: Polo que, os residuos que se aceptarán neste centro verde, serán os seguintes:

RES. IND. NON PERIGOSOS	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Madeiras ✓ Papel ✓ Cartón ✓ Chatarra ✓ Telas ✓ Plásticos 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Pinturas e vernices ✓ Tintas con disolventes ou substancias perigosas ✓ Residuos de tónor impresión ✓ Residuos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou substancias perigosas ✓ Emulsións e disolucións de mecanizado sen halóxenos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

<ul style="list-style-type: none"> ✓ Aluminio ✓ Lodos ✓ Palets ✓ Embalaxes de carácter industrial ✓ Vidro ✓ Cinzas 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes ✓ Outros disolventes e mesturas de disolventes haloxenados ✓ Outros disolventes e mesturas de disolventes ✓ Envases que conteñen restos de substancias perigosas ou están contaminados por elas ✓ Envases metálicos, incluídos os recipientes a presión baleiros, que conteñen unha matriz porosa sólida perigosa ✓ Absorbentes, materiais de infiltración (incluídos os filtros non especificados noutra categoría), trapos de limpeza e roupas protectoras contaminados por substancias perigosas. ✓ Filtros de aceite ✓ Líquidos de freo ✓ Anticonxelantes que conteñen substancias perigosas ✓ Baterías chumbo ✓ Baterías e acumuladores especificados nos códigos 16 06 01, 16 06 02 ou 16 06 03, e baterías e acumuladores sen clasificar que conteñen esas baterías.
--	---

Residuos non admisibles: Quedando excluídos da súa entrada neste centro, as seguintes tipoloxías de residuos:

RESIDUOS NON ADMISIBLES
✓ Residuos urbanos orgánicos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

- ✓ Materiais radioactivos
- ✓ Materiais explosivos
- ✓ Materiais inflamables
- ✓ Residuos infecciosos
- ✓ Residuos biosanitarios y/o citolóxicos
- ✓ Recipientes voluminosos que contiveran materiais tóxicos ou perigosos
- ✓ Medicamentos
- ✓ Residuos sen segregar
- ✓ Residuos sen identificar
- ✓ Outros residuos non especificados no punto anterior (RCD's, residuos, residuos voluminosos de orixe domiciliaria,...)

Non obstante, o listado de residuos aceptados no centro verde poderá ser aumentado, sempre que a administración competente o aprobe.

B.- XUSTIFICACIÓN DA CREACIÓN DO SERVIZO

O Concello de San Cibrao das Viñas xunto coa Consellería de Medio Ambiente promoveron a construción dun centro verde, atendendo á petición expresa realizada pola Asociación de Empresarios do polígono industrial de San Cibrao das Viñas e intentado cubrir unha necesidade que ata o momento, ningunha outra administración pública atendera e que a iniciativa privada non resolvía.

A maiores do antedito, cabe expoñer que este Centro Verde cubre todas as expectativas necesarias para cumprir con criterios de sostibilidade e cos principios de suficiencia, proximidade e responsabilidade compartida, tal e como determina a lexislación de residuos. A

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

continuación extráctanse os principais motivos que xustifican esta afirmación, baseándonos nun:

- a) Criterio económico: A prestación deste servizo cun marcado carácter supramunicipal, leva consigo un aforro económico ao conseguir minimizar os custos de escala derivados dunha xestión individualizada por cada unha das industrias localizadas nos anteditos polígonos (polígono industrial de San Cibrao das Viñas, no parque empresarial de Pereiro e no polígono industrial Barreiros). De feito, o aforro derívase, por un lado, da busca de mellores prezos de mercados que poidan ofertar os xestores de residuos á hora de asegurarlles maiores volumes de entrega de residuos, así como de facilitarlles a entrega dos residuos nun único punto, evitando ao xestor ter que desprazarse a recoller os residuos a cada unha das empresas.

E por outro, o aforro tamén procederá de realizar unha recollida centralizada e planificada xa que parece lóxico pensar que os custos de transporte derivados dunha recollida individualizada son moito máis elevados que si se optimizan rutas e tempos (deste xeito, se poderá planificar e racionalizar as rutas, grazas aos avisos con suficiente antelación dos usuarios).

- b) Criterio ambiental: porque o servizo de centro verde atende ao criterio de protección ambiental, ao promover e asegurar a correcta xestión e valorización dos residuos de carácter especial e industriais, dando correcto cumprimento ao recollido na *Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*, no *Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 (derrogada), de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos* e no *Real decreto 717/2010, de 28 de maio, polo que se modifica o Real decreto 363/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas* e *Real decreto 255/2003, de 28 de febreiro, polo que se aproba o regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos*.
- c) Criterio social: porque máis aló de cubrir a demanda da Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, atende á protección da saúde humana, xa que estamos a falar en moitos casos da recollida de residuos cun marcado carácter perigoso: explosivos, comburentes, inflamables, carcinoxénicos, mutaxénicos, tóxicos... (anexo III da *Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Os criterios anteriormente expostos xustifican a creación do servizo supramunicipal de referencia por parte da Deputación Provincial de Ourense, por afectar directamente ao círculo de intereses desta Deputación, ao trabarse dun servizo relacionado coa xestión de residuos (de evidente interese municipal) e pola súa natureza e a súa incidencia supramunicipal non pode ser asumido por ningún concello da provincia.

C.- RÉXIME XURÍDICO DO SERVIZO

O réxime xurídico do servizo será o determinado pola lexislación sectorial de residuos aplicable, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación Provincial poida establecer unha ordenanza reguladora daqueles aspectos de detalle que se consideren necesarios.

2º.- Acordar que o modo de xestión do servizo sexa a xestión indirecta, mediante contrato de xestión de servizo público previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

11º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2014 E DO 1º ADICIONAL DE XUÑO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia nos meses de xullo e agosto de 2014, e do 1º adicional de xuño de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE MAIO E 1º DE XUÑO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia nos meses de xullo e agosto de 2014 e dos seguintes adicionais: 2º de maio e 1º de xuño de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

13°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron tres mocións por urxencia. A primeira delas (n.º de rexistro 23115), trata sobre a apertura dun expediente administrativo de acción de reembolso contra don José Luis Baltar Pumar. En relación con este punto, comunica que dado o que establece o artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, e o que establece o artigo 96 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Presidencia vaise abster de votar a declaración da urxencia da moción, así como de participar no debate e votación deste punto, polo que abandonará o salón mentres se debata e vote esta moción, quedando en funcións de presidente o vicepresidente.

A continuación o Sr. presidente abandona a sala e ocupa o seu lugar o Sr. vicepresidente.

13ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A APERTURA DUN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE ACCIÓN DE REMBOLSO CONTRA D. JOSÉ LUÍS BALTAR PUMAR.-

O Sr. presidente en funcións somete a votación a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade e cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que tiña preparada unha entrada no seu discurso, pero terá que cambiala debido á actitude do Sr. presidente. Ía dicir que o que ocorre nesta Deputación é inaudito, pero en conxunto. Fállle moita graza que se ausente o Sr. presidente e que se ampare nun artigo para non dar a cara, cando hai algo que nos está a dicir que aquí se cometeron ilegalidades, enchufando a 104 persoas e utilizando esta institución como se fose unha empresa privada. O Sr. presidente xa non deu a cara cando saíu a sentenza (curiosamente ese día colleu vacacións e desapareceu dos medios) e agora non dá a cara na sesión plenaria na que, cando menos, debería escoitar o que ten que dicir a oposición e tomar nota do que se pide. Na resolución xudicial que dita a xuíza que o autor naquel momento, que era o anterior presidente, actuou como se isto fose unha empresa privada. Polo tanto, se se actuou deste xeito, prexudicando a centos de persoas desta provincia que non puideron acceder en igualdade de condicións a eses 104 contratos, alguén terá que responder privadamente do que se fixo mal e ilegalmente. O grupo de goberno non só ten que escoitar os reproches da oposición, porque hoxe en día a Deputación está condenada por prevaricación continuada en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

contratación e iso non é só culpa do anterior presidente. Espera que cando saia a sentenza algún membro do grupo de goberno faga igual que se fixo na película de Espartaco: se levante e diga eu tamén son Espartaco e tamén participei destas falcatruadas. Os membros do grupo de goberno deixan isto ao amparo dun señor que se xubila e aínda por riba lle botan a *bronca* á oposición dicindo que cómo se pode castigar a alguén por crear emprego. Os cargos públicos non son xeradores de emprego, senón que son xestores das necesidades públicas que ten unha administración e quen xera emprego son os empresarios. Os cargos públicos teñen que velar para que o emprego nas administracións públicas sexa transparente e que todo o mundo poida optar a el. O que se fixo aquí non é xerar emprego senón que é comprar vontades, e os que o fixeron teñen que pagar as cuestións derivadas dese asunto. O grupo de goberno sempre critica á oposición dicindo que están trasladando a vida política á vida xudicial, por iso lles di unha cousa clara (quería dicirlle ao presidente pero como fuxiu non llo pode dicir) se tivesen a valentía e a gallardía de asumir como propia unha xestión que dixo un xuíz que era ilegal (algúns dos que están aquí participaron dela) o Grupo Socialista estalles ofertando a posibilidade de que na vía administrativa poidan dicir que tamén era parte e asuman o custo que lles supuxo a todos os ourensáns esas falcatruadas. Non lle vale o discurso de que isto lles pode pasar a todos os que cometan erros, porque isto non se trata diso. Isto trata de que os erros se cometeron sendo plenamente coñecedores do que se facía (díto a sentenza), polo tanto, o grupo de goberno terá algunha responsabilidade política. É inaudito que os membros do grupo de goberno aínda non dixeran nada, porque isto é un prexuízo para esta institución. O Sr. Baltar, o pai, xa non está aquí pero iso non indica que isto acabase, porque hai deputados do grupo de goberno que teñen que ter responsabilidades, porque xa o eran co Sr. Baltar. O mínimo que se lle pode ofertar á cidadanía é abrir un expediente para o reembolso dos cartos, despois de acatar a sentenza. Para colmo de todo, despois da fuxida do Sr. presidente, queda o vicepresidente con este debate cando o que fai el no Concello de Ourense é inaudito, porque ata pide que metan no cárcere a calquera incluso por mover un papel, e incluso fala das beirarrúas do alcalde de Ourense. Que el saiba as beirarrúas non son de ninguén, pero os enchufados desta Deputación si que eran do Partido Popular. O Sr. vicepresidente tiña que coller os trebellos e saír detrás do presidente e deixar a alguén como don Julio Pérez, que xa dixo que non entraba no mesmo saco, porque cre que dos demais ningún serviría. Pide obxectividade para todos, e faille moita graza que o que aconteceu aquí só estivese un día nos medios de comunicación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, quere que vaia por diante que están absolutamente dacordo coa moción do PSOE e que a van apoiar. O problema para eles e que queda un pouco curta. Fala de 104 enchufes e esquecese do enchufado maior, do que entrou con calzador e que, non obstante, non defende os intereses dos ourensáns de acordo co cargo que ocupa. O ausente. A Deputación como institución, na salvagarda dos seus intereses, e por ende dos cidadáns, tería que terse personado non só nesta causa, senón tamén debería telo feito logo da denuncia da OLAF. Pero como o vai facer se aquí houbo centro catro máis un e ese un aínda por riba é o presidente ausente, o fillísimo do patrón. Quere lembrar aquí que o BNG lle deu esa posibilidade ao presidente ausente, posibilidade que declinou, motivo polo cal non lles deixou máis remedio que cumprir coa encomenda da OLAF e levar eles o informe dese organismo ao xulgado. Porque aquí hai un problema bastante máis gordo que os 696 mil euros utilizados para contratar masivamente nas vésperas do Congreso do Partido Popular, no que foi electo o presidente ausente. Aquí, ademáis dun uso inapropiado de fondos públicos, hai que devolver 10,3 millóns de euros por un uso fraudulento, e xa se verá se algo máis, e o BNG leva pedido por activa e por pasiva que eses cartos deberían devolvelos aqueles que coa súa atitude negligente, directa ou indirectamente, propiciaron esta lamentable situación, xa o teñen repetido tanto que parece unha ladaíña. Pensa que noutro país que se considere democrático isto xa tería pasado (acaba de dimitir un individuo que quitou o corente e pico por cento dos votos porque non quitou o que quería quitar). Mentres, o Sr. presidente ausente, nunha atitude irresponsábel, o único que se limita a dicir é que non hai problema para devolver os cartos porque a Deputación está nunha magnífica situación económica, e que polo tanto pode facer fronte a esa contixencia (total lle vai saír do peto á cidadanía). Creen que é unha magoa que quen utilizou esta institución como o seu cortixo persoal, facendo e desfecendo ao seu antollo, non teña que asumir máis responsabilidade que a dunha inhabilitación que chega tarde e chega mal.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que vai ser moi breve, porque o único que se busca con isto, unha e outra vez, é o barullo mediático, a cerimonia da confusión. A verdade é que dá a impresión de que non viven sen lembrar a José Luís Baltar e, de paso, do actual presidente a ver se se contamina con algo. A sentenza do 16 de xullo de 2014 di o que di, e o grupo de goberno acatouna (lembra que está recorrida) e o Partido Socialista xa solicitou naquel momento o que agora repiten unha e outra vez, e se non é pola vía xudicial que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

sexa pola vía administrativa e senón por calquera outra, pero que sexa. Pregunta onde está o dano patrimonial para a Deputación para perdirlle responsabilidade civil a José Luís Baltar. Acaso os traballadores contratados no seu momento non estiveron nos seus postos de Traballo e polo tanto foron remunerados de acordo co convenio colectivo correspondente? Se teñen probas de que non foi así preguntalles por qué non o dixeron e por qué non o denunciaron. O exceso de celo que teñen en defensa dos intereses desta Deputación é que se enriqueza inxustamente? Queren dicir que aos traballadores que presten os seus servizos á Deputación e polo tanto á provincia nos distintos concellos onde estiveron e que lles pague José Luís Baltar. A sentenza di que non, outra cousa é que se lea interesadamente. Recentemente, o presidente do Consello de Contas acaba de dicir nunha conferencia na Universidade de Vigo, que non procede pedir danos e perdas, e polo tanto responsabilidade patrimonial a D. José Luís Baltar (cousa que non di doutros concellos ou deputacións). Explica que o Sr. presidente se ausentou polo se parentesco con José Luís Baltar (xa na exposición de motivos da moción din que teñen vínculos de sangue) polo que lles pide que lean o ROF. Lembra que non hai moito pediron que non votase o grupo de goberno porque tiñan intereses e agora critican que o Sr. presidente se vaia. Como sempre, pau se remas pau se non remas. Pídelle ao Sr. Rodríguez Puga que respecte a democracia (en canto a que foi tamén enchufado o presidente) e dille que don José Manuel Baltar Blanco foi elixido concelleiro democraticamente, democraticamente foi elixido deputado provincial e democraticamente foi elixido presidente desta Deputación Provincial. En canto ao enchufism, que alguén dixo que o único que debería presidir este debate era don Julío Pérez e os demais todos fóra, di que que o mesmo que se predica aquí o fan tamén no Concello de Vigo, recentemente na Deputación de Lugo coa anulación do Plan Emprega por facer entrevistas moi curiosas, no Concello de Ourense, no Concello do Carballiño Espera velos defendendo o mesmo alí que hoxe aquí. E canto á responsabilidade do expresidente, José Luís Baltar, e dos que están aquí, di que a responsabilidade está xa por sentenza xudicial (recorrida) e don José Luís Baltar, que xa non pertence por vontade propia ao Partido Popular, está inhabilitado nove anos de momento, todo o demais é facer barullo. Dille ao Sr. Gómez Pérez que seguramente o Sr. presidente estea escoitando todo o que se di e na acta que redacte o Sr. secretario recollerase todo o que se di hoxe aquí.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que hai que escoitar cousas que son alucinantes. O día que se dixo que os deputados do grupo de goberno non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

podían votar porque tiñan intereses non se foi ninguén e votaron todos, incluído o Sr. presidente. Foise porque este debate para el é bochornoso. Pregúntase se os deputados do Grupo Popular non senten bochorno polo que lles teñen que dicir. Depois dun mes e medio sen que abran a boca agora veñen con “y tu más” e van a Vigo e a Lugo. Que el saiba, don José Ramón non ten ningunha condena por prevaricación continuada en contratos de enchufados, ao revés, ao mellor tivo que desprenderse do que había alí, porque levaban moitos anos con .. (tamén viu as noticias na televisión de quen está como está para non acudir aos tribunais). Non se debe falar do que non se debe, estamos a falar desta Deputación. Cómo o grupo de goberno da Deputación pode dicir que non se prexudicou a esta provincia? Pensa que os señores do Partido Popular teñen un problemilla, cando falan da Deputación pensan que é a súa Deputación e esta Deputación é de todos os cidadáns da provincia de Ourense, algo que nunca respectaron. Claro que supuxo un prexuízo e non falan dos miles que supoñen que fixeron ao longo dos anos, só falan destes 104 porque foron polos que un xuíz condenou (aínda que haxa recurso) e demostran que hai centos de miles de persoas que non acceden nas mesmas condicións a esta casa. Se se practica un comportamento como se isto fose unha empresa privada alguén ten que responder e devolver os cartos. O razoamento é tan claro que non ten discusión. Faille graza que se fale de barullo cando neste momento está presidindo o pleno o maior *marrullero* que hai na política desta provincia. Quen tiña que abandonar esta sala polo bochornoso do asunto é a oposición, non o Sr. presidente. Ao longo dos anos a oposición leva denunciado estas prácticas e o grupo de goberno non as parou e seguiron facéndoas ata os últimos días, saltándose as normas á toureira. O Partido Socialista é malo malísimo porque acode á xustiza, porque o grupo de goberno sempre se ampara na mesma contestación que é que están aí porque así o queren os cidadáns e non hai nada que discutir. Se os poñen aí os cidadáns non é para facer o que lles dea a gana e facer as falcatruadas que fan, pónenos para que gobernen a todos por igual, e esta é unha realidade que non cumpren. Bochorno é iso. Reitera que o maior beneficiario daqueles 104 contratos foi o actual presidente, e non lle vale o argumento de que só votaron 4 ou 6 dos que foron contratados, porque se non votaban eles votaban os pais ou os primos dos que estaban contratados. Será democrático, pero non é legal nin ético. O Sr. presidente podía estar aquí sentando escoitando e retirarse no momento de votar. Hai dous ou tres meses que se aprobou un código ético e que mellor oportunidade que se reunisen para falar deste asunto e non de parvadas de se o Partido Socialista vai ou non vai. Non teñen vergonza, e o Grupo Socialista vai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

pedir que se reúna ese código ético para que determine se o grupo de goberno merece estar aí (se ten un mínimo de imparcialidade seguramente di que non).

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o BNG respecta a democracia. O Sr. Álvarez Dobaño está pedindo que se respecte a súa democracia, da súa Deputación, dun organismo obsoleto e que nin sequera foron escollidos pola cidadanía. O grupo de goberno meteu aquí con calzador ao actual presidente ausente. A democracia foi que houbo unha manobra que se empezou no Congreso do Partido Popular e que acabou na Presidencia da Deputación, polos intereses propios do *baltarismo*. A democracia é para todos igual. A manobra empezou con 104 enchufados para meter ao 105 no tope de todo. Por certo o 105 que lle está resultando moitísimo caro a esta institución do que resultaron os 104. Sae máis caro porque regalou os centros ecuestres que Vilamarín e Sandiás (iso si, quedou co persoal); finiquitou Urbaourense, onde a Deputación puxo máis de vinte millóns de euros, dos cales non recuperou nin a metade pero quedou co artífice da gran obra (o xerente) que hoxe é asesor da Presidencia; unha das últimas grandes fazañas foi o ERE, que lle vai saír á cidadanía por case tanto como custaron os 104 enchufados; inminentemente privatizará o servizo de recollida de lixo; proximamente o servizo de vías e obras. Tando anos reclamando o BNG que a Deputación tiña que desaparecer e o Sr. presidente xa está facendo ese traballo. O BNG pide que se externalice o Sr. presidente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que parece que ao falar dos Baltar os ánimos se levantan. Sorpréndelle que unha xurista imporante estea cuestionando o que di o ROF. Dille ao Sr. Gómez Pérez que non ten nada que ver o que cuestionaron daquela con isto. Parece que molesta que se fale do Concello de Vigo, da Deputación de Lugo (onde cogobernan) que xa ten sentenza e o Grupo Popular non foi pola vía penal (aínda que pode ir). Pídelles que lean a sentenza, que é escandalosa. Fai esforzos por non citar ao Concello de Ourense e cre que a Sra. Vázquez Blanco non está nese bando por iso, ao mellor, lle dá igual que o cite. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que co mesmo sistema democrático polo que está el sentando no seu escano están so deputados do grupo de goberno nos seus, o mesmo que o Sr. presidente. Nomeouse o Código Ético que aprobou o Grupo Popular e nese código fálase dun pleno monográfico do estado da provincia, espera que se fale con menos demagogia que agora. Aconsella que se deixe de falar dunha vez de José Luís Baltar e por extensión do seu fillo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Dilles que falen do presidente da Deputación, da Deputación, e dos cidadáns de Ourense, que é para o que se está.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ao Grupo Socialista non lle molesta que se fale de Vigo, pero di que lles fale aos compañeiros do Partido Popular de Vigo que votan os orzamentos co goberno. Ten que falar dos Baltar porque Baltar é o presidente desta institución. O grupo de goberno defende que haxa 104 contratos, pide que non se fale das depuradoras que foi un escándalo maiúsculo. Iso foron delitos, e como tales terán que falar deles. Está condenado alguén que era presidente da institución e por ende tería que estar o grupo de goberno, porque as decisións son de todos. Di que eles son deputados honrados que veñen aquí facer o seu labor co maior dos celos, porque a ningún lles teñen nada que dicir, pero, por desgraza para esta provincial, eles si lle teñen que dicir moitas cousas aos deputados do grupo de goberno (hai un que ten nove xuízos pendentes).

Non se producen máis intervencións e sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que queda rexeitada ao ober o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

13ºB.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA SITUACIÓN DO SECTOR DO VIÑO EN OURENSE.-

Logo da declaración por unanimidade da súa urxencia, o Sr. presidente en funcións cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pregunta se o presidente tamén está personado na mesa do viño ou pode pasar a presidir o Pleno. Sen menosprezar a moción, logo do debate anterior, e para non falar dos Baltar, vai falar do viño e dá lectura á moción, co seguinte contido: *O pasado mes de setembro de 2013 o BNG presentaba unha moción, outra máis, a respecto dos sectores produtivos, nomeadamente sobre a situación do sector vitivinícola en Ourense. Nela propúñaselles aos grupos desta Deputación que se instara á Xunta de Galiza a: Implementar as medidas necesarias para garantir o cobro por parte dos/das viticultores/as das contías que se lles deben polas uvas entregadas; a convocar á Mesa do Viño coa finalidade de acadar acordos neste ámbito; a impulsar actuacións coa finalidade de garantir a existencia de contratos homologados nas diferentes denominacións de orixe vitivinícolas para a presente campaña, nos que se establezan os prezos en función das variedades, graduación, etcétera, e demais cuestións que pacten as partes; e que as axudas ao sector industrial estean vinculadas a*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

existencia de contratos homologados no que os acordos que a través do IGAPE, ou calquera outro instrumento, se establezan, non estean avaliados polos propios produtores. Este grupo consideraba absolutamente necesario este acordo, toda vez que, logo do acordo acadado na Mesa do Viño no ano 2006, nas distintas denominacións de orixe, no que se produciu un salto de enorme relevancia para dotar de máis estabilidade ao sector, os pasos atrás que se produciron nas últimas campañas nas diferentes denominacións de orixe nas que existiu a posibilidade de asinar contratos homologados, xunto co abandono da Xunta de Galiza das medidas para o seu impulso, ten motivado, conxuntamente con outros factores, que actualmente se produza unha situación delicada no sector do viño, sector estratéxico na nosa Provincia que conta con catro das cinco denominacións de orixe existentes no País. A sorpresa relativa foi que nese Pleno, o Partido Popular votara en contra, alegando que a consellaría, e cito textualmente, ten feito unha clara aposta polo impulso de accións conducentes á existencia de contratos tipo homologados, porque entende que dotan de transparencia ao mercado e lles dan garantía aos produtores de que a súa produción vai ter comprador e cunhas condicións que están previamente pactadas, e son tamén positivas para os industriais, porque lles garanten unha subministración de materia prima dunha calidade e cun prezo previamente pactado. A vista dos feitos, queda medianamente claro que o portavoz do Partido Popular mentiu, non sabemos se por descoñecemento ou de xeito intencionado, porque a realidade é que a situación na que chegan as zonas vitivinícolas á vendima nas comarcas Ourensás, sen contratos, sen que a Xunta convocara en todo o ano a sector, sen prezos, etcétera, e diametralmente oposta á expresada por vostedes hai agora un ano. Por todo o anterior exposto, solicitamos: 1.- Instar á Xunta de Galiza á reunir a Mesa do Viño coa participación de todos os axentes que interveñen no sector e coa intermediación da administración coa finalidade de analizar a situación do sector e de acadar acordos que garantan relacións contractuais igualitarias entre produtores e industria, nos que se establezan garantías de recollida e de prezos mínimos pola uva. 2.- Establecer medidas de financiamento público para adiantar liquidez ás industrias que subscriban contratos homologados cos produtores para que poidan cobrar a produción antes da finalización do ano natural sen que estes adiantos sexan garantidos a conta do produtor. 3. Que todas as axudas públicas ás que concorran as industrias teñan en conta á hora da súa resolución que estas subscriban contratos cos seus provedores de materia prima.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

Coa incorporación xa do Sr. presidente ao Pleno, a continuación, prodúcese as seguintes intervencións.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que el pertence a unha comarca onde isto está sendo xa un drama. Este é un fracaso de todos: oposición, sindicatos, organizacións de todo tipo, das comarcas afectadas, porque todos facemos o mesmo, chegamos con estas mocións cando se está en plena vendima. Non di isto como crítica, senón que se inclúe el mesmo. Hai meses que se falou dito cando se tratou o famoso imposto do viño. Parécelle intolerable o seu fracaso, por non saber mobilizar ás xentes que traballan os viñedos e que coa súa suor levan este produto á mesa de todos e despois todos van facer as fotos cos mellores viños e que se lles estea roubando na súa cara. Non podemos mesturar adegueiros con colleiteiros, porque hai adegueiros que o que lles están a facer aos agricultores é o seguinte: vostede veña a traballar e vendimar de balde as miñas viñas e así lle recollerei ás súas, igual que se estivésemos no século XVIII, ao carón do patrón de quenda (moitos con vinculación política ao Partido Popular). Entoa a súa culpa en canto á responsabilidade que ten. Tamén hai que dicir que a consellería é inexistente, porque aínda que isto parte de quen ten que pagar as uvas, cando isto non acontece a administración ten que mediar e con contundencia. Está totalmente de acordo cun dos puntos cos que finaliza a moción: non pode haber unha soa subvención pública para aqueles que non teñan un contrato asinado, homologado, que lles garanta cobrar aos agricultores. Iso si que está nas mans do Sr. Feijóo e da conselleira do Mar (porque doutro sitio non é). Reitera que lle parece intolerable o que ocorre, que se chega tarde como sempre. Todos teñen parte de culpa, pero a responsabilidade é toda da Xunta de Galicia, porque iso se pode conseguir, igual que se conseguiu antes, como se apunta na moción (naquel tan deostado bipartito asináronse contratos homologados cun conselleiro que era un político exemplar e que fixo todo o que puido) porque é moi difícil loitar contra todos eses elementos (e non elementos naturais). Con isto o que se vai conseguir é que se queden coas plantacións e que se fagan terratenentes (isto é o que está a ocorrer na súa comarca, que é a que coñece). Con isto só se consegue que os mozos e as mozas non sigan con este traballo, por culpa dos caciques, porque son caciques de verdade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, anuncia que votarán a favor da moción e deixa á liberdade dos deputados do BNG a súa opinión sobre se di a verdade ou non. De todos modos, esta moción parécelles extemporánea, porque para as denominacións de orixe nas que houbo interese por algunha das partes para que houbo contratos homologados, xa se fixeron

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

esas xestións e xa se acadou o obxectivo. Lembra que xa se publicou e entrou en vigor (os primeiros días de xaneiro de 2014) a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, e recolle a necesidade de contractualizar todas aquelas relacións por riba dos 2.500 euros. En canto ao apartado segundo do acordo da moción, no que se solicita que se establezan medidas de financiamento público para adiantar liquidez ás industrias que subscriban contratos homologados, ten que lembrar que se publicou unha orde de axudas para achegar financiamento para compra e pagamento da uva destinadas a aquelas bodegas que subscriban contratos homologados (400.000 euros da Consellería e xestionándose a través do IGAPE). Quere destacar que o emprego desta orde de axudas por parte do sector foi inexistente, o que dá a imaxe do interese que o sector ten neste tipo de ferramentas. En canto ao apartado terceiro, de que todas as axudas públicas ás que concorran as industrias teñan en conta á hora da súa resolución que estas subscriban contratos cos seus provedores de materia prima, ten que dicir que a Consellería do Medio Rural e do Mar leva anos priorizando as axudas ás industrias que se provén maioritariamente con materias primas adquiridas mediante contratos homologados, en sectores onde estes existen, pero non se pode chegar máis alá, pode ser criterio de priorización, pero non se pode negar a axuda por non cumprir este requisito, e moito menos se non existe un contrato homologado para o sector, xa que a adega nese caso non ten nin sequera a posibilidade de asinar contratos baixo esa modalidade. NO caso do acceso á liña de apoio financeiro para facilitar o crédito para a compra de uva ás adegas, este está condicionado no seu outorgamento a que esta compra estivese vinculada a contratos homologados. Espera que non lle boten a *bronca* por lembrar ao bipartito, pero o que fixo co mexillón supúxolle á Xunta de Galicia máis de tres millóns del euros (casos parecidos foron o caso da mazá da sidra en Asturias ou a uva de Xerez).

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que se pasa da uva ao mexillón e non se pode pasar de Baltar pai a Baltar fillo. Di que se chegan tarde, chegan todos, porque todos están de acordo. Pensa que a única forma de facerse escoitar é no momento da recollida. No Ribeiro xa se comezan a ver parcelas abandonadas e as novas que se plantas son de adegueiros e non de pequenos viticultores, e iso é preocupante, porque realmente quen vive no rural é o viticultor e non o adegueiro. Pero iso son mentalidades e diferentes xeitos de ver o rural galego e o Partido Popular ten un que o BNG non comparte.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que algo si se pode facer. Está claro que non se pode obrigar a ninguén a asinar un contrato se non quere asinalo, pero

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

si se poden reunir e, cando menos, ter a dignidade de aparecer na mesa do viño. Iso poderíase conseguir se cesan primeiro ao delegado territorial de Ourense, porque se é outra persoa calquera do Partido Popular seguro que tería a decencia de facer ese traballo, e non dicirlles aos adegueiros o que lles di: *non hai problema, non a reunimos e xa está*. Cando antes dixo que se chegaba tarde e que era un fracaso de todos non o dicía como unha crítica aos compañeiros do BNG, senón porque cando se teñen xa as uvas no tractor ou no camiión véndense aínda que sexa a prezo de saldo, porque con iso xogan os elementos dos que falou antes. Pensa que habería que tomar outras medidas máis contundentes nese sentido, porque ao final non se move ninguén e ten que ocorrer algo para que isto cambie. O que está a pasar a el escandalízao, porque ve á xente que ten as mans desfeitas e cobra menos as uvas que hai vinte anos e aínda por riba contándolle a milonga para que cambiaran polas castes que che van dar rendibilidade. Hoxe páganse pero as castes que o que tiñan plantado. Empraza ao Partido Popular para que teña a ben loitar por este tema, porque queiramos ou non o sector primario é fundamental para esta provincia. Os hai que teñen máis sorte e non dan con adegueiros que se intenten aproveitar deles, en condicións incluso máis duras (fala da Ribeira Sacra). En canto a que a Consellería crea as axudas e non se utilizan, manifesta que non se utilizan porque eles teñen o mecanismo máis fácil, non só non teñen o prezo pactado, senón que, ao mellor, aínda lles deben a vendima de hai tres anos. Entón para que van optar a axudas se o produto lles sae de balde e despois póneno á venda. Agradece que o Partido Popular apoie á moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que está totalmente de acordo do Sr. Gómez Pérez. Non sabe se fracaso colectivo é a palabra idónea, pero o que está claro é que todos teñen unha responsabilidade compartida. É un sector estratéxico para a provincia e merece que todos se esforcen e tiren do carro xuntos. Pareceulle que ao Sr. Iglesias non lle gustou que apoiasen a moción e ironizou os exemplos que puxo do bipartito (non sabe se o que se pica é que allos come). Puxo os exemplos para que se vexan as consecuencias do que non se pode facer. Lamenta que non o entenderan así.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, reitera que lles agrada que estean de acordo coa moción e pídelle ao Sr. Feijóo que non nos abandone, porque xa nos abandonamos nos mesmos. As cousas non quedan só na aprobación das mocións, senón despois co que se di e co se fai.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

- 1.- Instar á Xunta de Galiza á reunir a Mesa do Viño coa participación de todos os axentes que interveñen no sector e coa intermediación da administración coa finalidade de analizar a situación do sector e de acadar acordos que garantan relacións contractuais igualitarias entre produtores e industria, nos que se establezan garantías de recollida e de prezos mínimos pola uva.
- 2.- Establecer medidas de financiamento público para adiantar liquidez ás industrias que subscriban contratos homologados cos produtores para que poidan cobrar a produción antes da finalización do ano natural sen que estes adiantos sexan garantidos a conta do produtor.
3. Que todas as axudas públicas ás que concorran as industrias teñan en conta á hora da súa resolución que estas subscriban contratos cos seus provedores de materia prima.

13°C.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUN PLAN DE TRATAMENTO DE XURROS NA PROVINCIA DE OURENSE.-

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Fernández, para que expoña o contido da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que esta moción está fundamentada nun grave problema medioambiental que está a sufrir a provincia de Ourense, concretamente na Comarca da Limia. O día 24 de setembro o presidente da Deputación asinou o protocolo de colaboración do proxecto Rexenera Limia LIFE xunto co alcalde de Xinzo, o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a secretaria de Medio Ambiente da Consellería da Xunta de Galicia, un representante de Gas Natural, Ecolagunas, e o Grupo Coren. Este proxecto que vai intentar paliar o grave problema medio ambiental da Comarca da Limia. Neste acto estase a recoñecer o que o Grupo Socialista ven denunciando amplamente nesta institución, e na Xunta de Galicia. O día 25 de abril a directora xeral de Agricultura en resposta a unha pregunta do Partido Socialista sobre que medidas ten previstas diante da inminente desaparición da planta de tratamento de xurros de Sarreaus, xestionada polo Grupo Coren, logo do recorte das axudas ás plantas de coxeneración enerxética con residuos; dixo que a planta non funcionaba por problemas técnicos e repetiu que tan só xestionaba os xurros de 16 explotacións do grupo. No acto do día 24 de setembro o representante de Coren dixo que a planta funcionaba e que trataba os xurros das granxas da comarca e que as explotacións tiñan que cumprir cos informes de avaliación ambiental. Isto último ninguén o dubida, pero respecto ao primeiro, parece que a directora xeral de Agricultura si, posto que confirmou que só se trataban os xurros de 16

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

explotacións que son as que están ao carón da planta. Esta é a realidade constatada, se algún día funcionou, nela so se trataban os xurros do complexo de Sarreaus. Pero non é menos certo que nos informes dos últimos 15 anos que manexas os sindicatos agrarios, os parámetros de contaminación medioambiental supéranse amplamente, e A Limia ben pode ser considerada zona altamente vulnerable, como outras de comunidades autónomas como a catalá, que soportan altas taxas de gando de explotación intensiva que xeran toneladas e metros cúbicos de xurros diarios. Non se trata de demonizar a ninguén, trátase de poñer branco sobre negro un problema que existe, que é real, que é de extrema gravidade para a comarca máis agrogandeira de Galicia, e que xa non pode esperar mais. O problema existe, as augas están como están, senón non se faría este proxecto que asinaron o pasado mércores, e tampouco participarían as empresas relacionadas co problema, nin as institucións con responsabilidade como a propia Deputación Provincial. Pero mentres, non podemos esperar 3 anos a que remate o proxecto, para ver si resulta efectivo, e facer máis. O presidente dixo na súa intervención, que nese acto se resumían tres palabras cooperación, medio ambiente e futuro. Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: elaborar un Plan de tratamento de xurros para a provincia de Ourense por parte da Deputación Provincial. Solicitar do goberno da Xunta de Galicia que habilite partida orzamentaria para levar a cabo as instalacións oportunas para xestionar os xurros, dado que nin as terras, nin as augas son capaces de soportar mais niveis de agresión.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que é un tema complexo cunha complexa solución. Xa polo mes de febreiro, Coren, a primeira cooperativa agroalimentaria do país, formado por máis de 6.000 familias, alertaba de que o castigo ás plantas de xurros, coa reforma eléctrica, ía provocar o peche de plantas existentes en todo o estado, o que afectaría en Galiza á única planta existente que é a de Sarreaus. Este problema vaise magnificar co tempo. Efectivamente a situación de saturación por nitratos na comarca da Limia é delicada e preocupante ano tras ano, pero non nos podemos enganar a nos mesmos, a planta de Sarreaus dá para o que dá, está sobreesaturada polo que é materialmente imposible que poida recibir máis xurros. A planta de COREN só dá acollido unha pequena parte dos xurros que xeran as súas granxas. Outra parte importante dos xurros vertíanos nun monte en Muíños no que tiñan unhas cantas vacas cachenas (esa actitude está prohibida neste momento). O caso é que calquera día

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014

hai unha investigación da Unión Europea e o resultado vai ser que na Limia se faga unha prohibición de vertido. A contaminación do río Limia é grave e preocupante. A Sociedade Galega de Historia Natural ven alertando de que a situación do encoro das Conchas pode facerse irreversible. Hai un informe do CSIC que sitúa a orixe do problema nas malas prácticas da xestión dos residuos fecais agrogandeiros. Fálase de que na Limia estase a producir un volume de residuos fecais animais equivalentes a o que xeraría unha cidade de 1,3 millón de habitantes. A carga gandeira excede a capacidade de asimilación da terra, filtrase e vai aos ríos. Tampouco axuda a situación do saneamento municipal dalgúns concellos (nomeadamente dun deles). Cómpre un Plan agrario máis ambicioso é global que sen dúbida ten que tratar o tema do xurro de xeito contundente e rigoroso. Se Coren é capaz de utilizar ese recurso para a xerar electricidade, a Xunta de Galicia e a consellería tamén serán capaces de facelo, e haberá que tratar de involucrar á Universidade, aos centros de ensino, aos centros de innovación tecnolóxica, e darlle unha solución global a este problema e ao que é a agricultura en xeral nesa comarca. Dá un dato para ter máis claro ao que nos enfrontamos: nunha parroquia de Xinzo, Parada de Ribeira, de 400 hectáreas de superficie agraria útil, existen 21 granxas: 11 explotacións avícolas cunha suma total de 410.000 cabezas de ave; 4 explotacións de gando vacún cunha suma total de 230 cabezas; 1 explotación de visóns con 15.000 cabezas; 5 explotacións de gando porcino con 20.000 cabezas. É dicir, máis de 445.000 cabezas só nunha parroquia das 32 que ten o concello de Xinzo de Limia e só nun concello da Comarca. A normativa di que calquera zona ou termo municipal con máis de 7.000 cabezas será declarado como zona saturada de xurros e as normas aplicadas de xeito taxativo. Para rematar di que na Directiva europea 91/676/CE para a protección das augas continentais da contaminación producida por nitratos, establece un nivel máximo de vertido de nitróxeno ao chan de 170 quilogramos por hectárea e ano, en Xinzo estanse producindo 2000 toneladas ao día. Anuncia que están de acordo coa moción e fai unha emenda de adición para incluír un plan de dinamización do sector primario – agrario na Limia que inclúa: a realización dos plans de regadío previstos dende 2008 (actualmente paralizados); o impulso dos contratos homologados e prezos mínimos para pataca e cereal; o establecemento de liñas de axuda para explotacións de porcino que reciclen os xurros na propia explotación; incluír na comisión que veñen de crear do proxecto LIFE que presentaron onte, aos representantes do produtores (sindicatos e asociacións de regantes). Se se acepta a súa proposta, votarán a favor, e se non se acepta, absteranse.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, anuncia que votarán a favor da moción porque consideran que é unha boa iniciativa e moi positiva (particularmente o ten que dicir máis alto). Con respecto ao que se propón, quere matizar que xa hai meses que o Sr. presidente lle encargou á Área de Medio Ambiente que iniciase os traballos de elaboración dun plan de xurros para toda a provincia, e de xeito especial para as comarcas da Limia e da Baixa Limia, dado que dez concellos *reibeireños* do Limia teñen moito que dicir a raíz de todo isto. As xestións que ben facendo o Sr. presidente son obvias, froito delas foi o que se asinou o outro día, e debe saberse que o Sr. presidente ten feito importantes xestións cos responsables da Xunta de Galicia (incluído o presidente) e da Confederación Hidrográfica, e así o seguirá facendo, porque consideran que este é un proceso complexo, moi difícil de solucionar, pero se non se lle poñen ganas nunca se solucionará. Na moción fálase dunha intervención no Parlamento e refírese á directora xeral de Agricultura e quere pensar que se refire á directora xeral de Producción Agropecuaria, pero iso non é o fundamental. O fundamental é que dixo que no seu momento dixera que non funcionaba a planta de Sarreaus, e en ningún momento dixo tal cousa, dixo que podía funcionar máis. A Xunta tamén está aí e todos lles toca incidir coa maior forza posible para que continúe, e lembra que o 10 de abril deste ano, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria convocou ao grupo de traballo de xurros, coa presenza de dez técnicos cualificados da Dirección Xeral do FOGA e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, así como catro subdirectores xerais con competencia na materia. Con isto preténdese valorar de xeito integral a problemática da xestión dos xurros en Galicia, e de xeito especial nas comarcas da Limia e da Baixa Limia. Cónstalle que se está a valorar a posibilidade de implementar medidas no marco do Plan de Desenvolvemento Rural que favorezan a correcta xestión dos xurros. Nesta teima está a Xunta de Galicia e intentarán que sigan nela. A Deputación e os concellos agardan medidas concretas e urxentes, sobre todo os que están máis afectados.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que se está recoñecendo que o problema está aí e que é grave. Dá as grazas por sumarse a esta iniciativa. A oposición tamén quere facer cousas produtivas e construtivas para a provincia, para que non lles digan pau se remas pau se non remas. Non veñen aquí só a criticar (que tamén), pero o que si é certo é que a directora xeral, nese acto do 25 de abril, recoñeceu que a planta non estaba funcionando, mentres que o representante de Coren dixo que si que estaba funcionando. Particularmente,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

pensa que a planta non funciona. De todos os xeitos, a planta de tratamento de Sarreaus, se funciona, tan só trata os xurros das granxas que ten ao seu carón. Se se entra na páxina web do grupo Coren falan de que son moi respectuosos co medio ambiente, falan deste centro de tratamento e de que alí se trata o xurro de 122 explotacións. Estase recoñecendo que todos os concellos que está ao longo do río Limia teñen un problema, que as augas e as terras non poden soportar o nivel de contaminación que están a sufrir, e o problema máis grave é que iso ben provocado por unha actividade intensiva dos homes e das mulleres da Limia, e que iso vai repercutir negativamente na saúde das persoas que habitan esas comarcas, por iso desde aquí demanda urxencia, que se poñan a traballar xa, tanto ese grupo de traballo de Santiago como os técnicos do Servizo de Medio Ambiente desta Deputación, algo que agradece, pero pide celeridade no asunto. Alégranse do proxecto de dous millóns de fondos europeos para investir, tamén está o grupo Coren que só achega 100.000 euros, e tamén está a empresa Gas Natural (non vai lembrar que encoro xestiona e por qué esta aí e con qué intereses). Deixará para outro debate o tema dos regadíos e dos contratos homologados. Cre que a moción ten substancia e é clara para tratar un problema de gran magnitude como é os problema dos xurros na comarca da Limia.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, entende que non se acepta a súa emenda.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, está de acordo coa Sra. Lama Fernández e entende que o que se propón na moción merece un tratamento independente. Di que non vai ser el o que defenda a Coren, non lle toca nin debe. En Galicia só existe unha planta de coxeneración, propiedade de Coren. O número de explotacións que actualmente utilizan os seus servizos para xestionar os xurros é moi pequeno. De feito, na planta procesáronse no ano 2013 os xurros de tan só dezaseis explotacións porcinas. O dato é sangrante, cando o número de explotacións porcinas industriais existentes en Galicia é de 1.167. A todos nos queda un traballo conxunto e duro para tratar de solucionar isto.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (17) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Elaborar un Plan de tratamento de xurros para a provincia de Ourense por parte da Deputación Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

2º.- Solicitarlle ao Goberno da Xunta de Galicia que habilite partida orzamentaria para levar a cabo as instalacións oportunas para xestionar os xurros, dado que nin as terras, nin as augas son capaces de soportar mais niveis de agresión.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que ten unha serie de preguntas en relación co Concello de Boborás. Pregunta se na Deputación consta a certificación por parte do concello, de adhesión ao convenio marco para a prestación do servizo de inspección de tributos municipais. Se é así, pide que se lles faga chegar por escrito esa cuestión. En segundo lugar, di que se están levando a cabo actualizacións do catastro no Concello de Boborás e queren preguntar, para que tamén se lles responda por escrito, qué tipo de procedementos se están facendo, porque hai unha certa confusión a se é actualización, revisión ou inspección, e ademais remítese a un convenio suscrito entre a Secretaría de Estado de Hacienda e a Deputación Provincial do 15-03-1999. Por último, pregunta qué criterio de selección das parcelas ou inmobles para inspeccionar utiliza a empresa encargada destes traballos.

O Sr. presidente responde que toma nota e que encargará o correspondente informe para responder por escrito a todas esas cuestións.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, en relación cunha noticia que sae hoxe na prensa: *La Diputación adjudicará en breve un acceso para llegar hasta San Vicente.* Alegraríase de que iso fose verdade, pero entende que non.

O Sr. presidente responde que ese titular xera certas dúbidas, pero a situación neste momento é que se está á espera de que se diga cal das alternativas é a axeitada para iniciar os traballos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que teñen constancia de que hai unhas sondaxes, pagados con cartos desta Deputación á empresa Sondaxe. Se isto é así, gustaríalles que se lles entregasen tamén ao Grupo Socialista. Por outra parte, quere preguntar se o alcalde de Leiro ou, por defecto, o presidente da entidade menor de Berán, fixo algunha xestión para o arranxo da estrada que vai á zona do balneario e ao propio pobo de Berán. Seguidamente pregúntalle ao Sr. presidente en qué situación se atopa o informe que solicitaron para que se lles fixera chegar o cadro de persoal, con nomes e apelidos, das persoas que compoñen Aquaourense.

O Sr. presidente contesta, con relación ao rogo, di que lle fará entrega dos datos que subministra a empresa Sondaxe. En relación co alcalde de Leiro e presidente da entidade local

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

menor de Berán, contesta que non lle fixeron chegar ningunha preocupación, agás da que expresou o Sr. Gómez Pérez nalgún pleno pasado e do que lle deu traslado á Área de Infraestruturas e Servizo de Vías e Obras. Con relación aos datos do persoal de Aquaourense, di que xa se lle respondeu a esa pregunta con todos os datos que pedía, agás os nomes e apelidos, porque consideraban, segundo informe do secretario, que era unha cuestión sobre a que se debía pronunciar a Axencia Española de Protección de Datos. Esta axencia respondeu e pasarlle copia inmediatamente desa resposta cando remate o pleno, na que como conclusión di, confirmando a tese que defendían no seu momento e a precaución ao non facilitalos, que non existe habilitación legal que poida amparar a cesión pretendida, polo que non se poderán comunicar datos de carácter persoal nos termos solicitados.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, diríxese ao Sr. secretario para que lle responda, despois dese informe da Axencia de Protección de Datos, que ocorrería se eses datos estivesen publicados nunha páxina web anteriormente á petición do Partido Socialista.

O **Sr. secretario** responde que eses datos non se poden publicar. É o mesmo tratamento nun caso que no outro.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pide explicacións sobre unha publicación da páxina web da Deputación na que aparece o organigrama de Aquaourense co nome e apelidos dos traballadores, que lle entrega á Presidencia. Pregunta que teñen que facer eles agora, porque despois dunha contestación cun informe contundente de que non se podían dar eses datos porque o Grupo Socialista podía facer mal uso deles (vaia por diante que non as vaia pagar o *tonto útil* de quen o puido publicar). O responsable disto é o Sr. presidente, porque non lle quixo facilitar a información ao Grupo Socialista e resulta que a información está na páxina web da Deputación, facendo algo que dicían que non se podía facer. Con isto queda de manifesto a transparencia do Sr. presidente desta Deputación (cre que os datos estaban no apartado de transparencia). O Sr. presidente acaba de quedar á altura do betume e acaba de deixar á institución á mesma altura, e anuncia que o Grupo Socialista vai reservar as accións que teñan que facer, e despois aínda lles botarán a culpa.

O **Sr. presidente** di que toma nota tanto do papel que acaba de subministrar como das súas críticas.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pide que se lles subministre tamén a información sobre a sondaxe.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

O **Sr. presidente** toma nota do rogo.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, en relación cunha solicitude do alcalde de Castrelo do Val, que no mes de xaneiro solicitou o arranxo dunha estrada que vai de Campobecerros a Veiga de Nostre e o ramal que vai a Sanguñedo, consistente en colocar unhas biondas e o pintado da estrada, tanto polo centro como polas beiras, porque está nun estado lamentable e nos días de chuvia ou néboa hai risco de graves accidentes. Pregúntalle ao Sr. presidente se ten pensado facer un estudo rigoroso do estado das estradas da Deputación Provincial, para acometer de forma urxente e prioritaria do arranxo daquelas que corren máis presa, porque non se pode vir en cada pleno solicitando o arranxo dunha curva ou de 25 m dunha estrada. O Grupo Socialista demanda que se faga ese estudo serio e rigoroso do plan de estradas e acometer as que sexan máis urxentes, segundo a orde de prioridades que o presidente queira establecer.

O **Sr. presidente** responde que a iso é ao que dedican os seus esforzos os membros da Área de Infraestruturas desta Deputación, a facer esa valoración todos os días, de todos eses 1.840 quilómetros de titularidade provincial, e tamén coa priorización que corresponde e coa súa execución a través da rede viaria provincial. Gustosamente lle fará chegar toda a información que hai sobre ese tema, incluso os aforamentos, tráfico, etcétera.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregúntalle ao Sr. presidente se é consciente de que as bases de contratación conteñen en moitas ocasións excesivas especificidades, como ocorreu na concesión da compra de 265 compostadores. Di isto porque con iso preséntaselles dificultades ás empresas, como cando se pide un modelo específico, gasto en publicidade excesivo, pouca marxe de beneficio, demasiadas esixencias no número de visitas, antigüidade de tres anos do funcionamento da empresa. Queren saber se ao Sr. presidente lle parecen excesivas as condicións que se establecen neste caso e pregunta tamén se se van respectar os prazos na concesión, porque isto ten que estar entregado e repartido antes de decembro. Tamén lle pregunta se é coñecedor de que o cumprimento dos tempos é complicado para as empresas que concorren a este tipo de procesos.

O **Sr. presidente** responde que tanto as bases como os prazos se elaboran tendo en conta o único punto de vista técnico. Espérase que cumpran a legalidade e que os prazos sexan os previstos e os necesarios para contratar correctamente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de setembro de 2014
--

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregunta en qué momento se atopa a tramitación da iniciativa que presentou o Grupo Socialista sobre o voto telemático.

O Sr. presidente responde que xa houbo unha modificación do Regulamento Orgánico e área tecnolóxica da Deputación está traballando para ter unha resposta o máis áxil posible. Espera tela antes de fin de ano.

E, ás 13.45 horas do citado día trinta de maio de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,